



ALLIANCE OF CIVILIZATIONS

ALIANZA DE CIVILIZACIONES

Informe do Grupo de Alto Nivel

13 de novembro de 2006



PARTE I

I. REDUCCIÓN DAS DIVISIÓNS GLOBAIS

1.1 O desequilibrio do mundo actual é alarmante. En opinión de moitos, o século pasado trouxo consigo progreso, prosperidade e liberdade sen precedentes. Para outros, foi o comezo dunha era de subxugación, humillación e desposuimento. O noso é un mundo de grandes desigualdades e paradoxos; un mundo no que a renda das tres persoas máis ricas do planeta é superior á suma das rendas dos países menos desenvolvidos do mundo; no que a medicina moderna obra milagres a diario e, non obstante, tres millóns de persoas morren cada ano de enfermidades que se poderían evitar; no que temos máis coñecementos que nunca sobre universos distantes e, non obstante, 130 millóns de nenos non teñen acceso á educación; no que, malia a existencia de acordos e institucións multilaterais, a comunidade internacional se ve a miúdo impotente ante conflitos e xenocidios. Para a maior parte da humanidade, a liberación das necesidades e a liberación do medo son tan inalcanzables como sempre.

1.2 Vivimos, así mesmo, nun mundo cada vez máis complexo, onde as percepcións polarizadas, alimentadas pola inxustiza e a desigualdade, conducen, a miúdo, á violencia e ao conflito, e ameazan a estabilidade internacional. Durante os últimos anos, as guerras, a ocupación e os actos de terrorismo exacerbaron o receo e o temor recíprocos entre as distintas sociedades e no seo destas. Algúns dirixentes políticos e sectores dos medios de comunicación, así como algúns grupos radicais, explotaron esta atmosfera e reflicten imaxes dun mundo composto por culturas, relixións e civilizacións que se exclúen mutuamente, distintas dende o punto de vista histórico e abocadas á confrontación.

1.3 Lamentablemente, a ansiedade e a confusión creadas pola teoría do "choque de civilizacións" desfiguraron os termos do discurso sobre a verdadeira natureza do conflito que o mundo afronta. A historia das relacións entre culturas non se limita a



unha historia de conflitos e enfrontamento. Tamén asenta en séculos de intercambios construtivos, fértiles cruzamentos e coexistencia pacífica. Ademais, a clasificación de sociedades que internamente son flexibles e diversas dentro dos ríxidos parámetros dunha civilización dificulta outras vías máis lúcidas para comprender cuestións relacionadas coa identidade, a motivación e a conduta. A fenda entre poderosos e desasistidos, entre ricos e pobres, entre diferentes grupos políticos, clases, ocupacións ou nacionalidades ten máis poder explicativo cás mencionadas categorías culturais. De feito, estes últimos estereotipos serven unicamente para consolidar opinións xa de por si polarizadas. E, o que é peor, ao fomentar a opinión errónea de que as culturas están chamadas inevitablemente a enfrontarse, contribúen a converter controversias negociables en conflitos baseados na identidade e aparentemente irresolubles que arraigan no imaxinario colectivo. Polo tanto, é fundamental combater os estereotipos e as apreciacións erróneas que consolidan patróns de hostilidade e desconfianza entre as sociedades.

1.4 Neste contexto, nunca foi maior a necesidade de tender pontes entre as sociedades, de fomentar o diálogo e o entendemento e de forxar a vontade política colectiva de abordar os desequilibrios do mundo. Esta urxente tarefa constitúe a *raison d'être* da Alianza de Civilizacións. Impulsada polo secretario xeral das Nacións Unidas en 2005, co apoio conxunto dos presidentes de España e de Turquía, a Alianza de Civilizacións confirma un amplo consenso entre as nacións, culturas e relixións sobre o feito de que todas as sociedades están intimamente unidas, en tanto que formadas por seres humanos, e de que dependen unhas doutras na súa busca da estabilidade, a prosperidade e a coexistencia pacífica.

1.5 A Alianza de Civilizacións pretende abordar as fisuras cada vez maiores entre as sociedades mediante a reafirmación dun paradigma de respecto mutuo entre pobos de diferentes tradicións culturais e relixiosas e a contribución da promoción dunha acción concertada dirixida a este fin. Este esforzo reflicte a vontade dunha vasta maioría de pobos de rexeitar o extremismo en calquera sociedade, así como de apoiar o respecto da diversidade relixiosa e cultural. Co obxecto de dirixir esta



iniciativa, o secretario xeral creou un Grupo de Alto Nivel composto por personalidades eminentes. Este informe é o froito do seu traballo¹. Nel avalíanse, con base nas análises realizadas, as relacións entre as diversas sociedades, examínase, así mesmo, o xurdimento da tendencia actual ao extremismo, e préstase especial atención ás relacións entre as sociedades occidental e musulmá, tendo en conta que as devanditas caracterizacións non reflicten a gran diversidade dentro de cada unha delas. Nel recoméndase un programa de acción viable para os gobernos (nos ámbitos municipal, estatal, nacional e rexional), os organismos internacionais e a sociedade civil que esperamos que contribúa a reducir a hostilidade e a fomentar a harmonía entre as nacións e culturas do mundo.

II. PRINCIPIOS REITORES

2.1 Unha Alianza de Civilizacións debe basearse, pola súa propia natureza, nunha perspectiva multipolar. Como tal, o Grupo de Alto Nivel guiouse durante as súas deliberacións polos principios que establecen un marco para o fomento do diálogo e o respecto entre todas as nacións e culturas. A Carta das Nacións Unidas e a Declaración universal dos dereitos humanos de 1948, cuxo obxectivo é liberar a humanidade do temor e o sufrimento, así como o resto de documentos fundamentais en materia de dereitos culturais e relixiosos², constitúen a referencia básica dos principios que se mencionan a continuación.

2.2 Un mundo cada vez máis interdependente e globalizado só pode regularse a través do estado de dereito e dun sistema multilateral eficaz, en cuxo núcleo se atopa o sistema de Nacións Unidas. Iso esixe a observancia do dereito e os acordos internacionais, incluídos todos os dereitos e responsabilidades que regulan o desenvolvemento da guerra, segundo se articula no dereito internacional

¹ O presente informe reflicte a opinión consensuada dos membros do Grupo de Alto Nivel, sen implicar un acordo xeral sobre a totalidade das cuestións.

² Véxanse os documentos de referencia contidos no sitio web da Alianza de Civilizacións (www.unaoc.org).



humanitario (en particular, as convencións de Xenebra), o respecto ás institucións que establecen as devanditas normas e o apoio aos mecanismos que deciden sobre as súas violacións.

2.3 A observancia plena e constante das normas relativas aos dereitos humanos é a base sobre a que asentan as sociedades estables e as relacións internacionais pacíficas. Entre estes dereitos está a prohibición da tortura, tanto física como psicolóxica, o dereito á liberdade de culto e o dereito á liberdade de expresión e asociación. A integridade destes dereitos baséase no seu carácter universal e incondicional. Polo tanto, estes dereitos deben considerarse inviolables e deben ser acatados, en calquera circunstancia, por todos os estados, organismos internacionais, actores non estatais e particulares.

2.4 A diversidade de civilizacións e culturas é un trazo básico da sociedade humana e unha forza impulsora do progreso do home. As civilizacións e as culturas reflicten a gran riqueza e legado da humanidade e, pola súa propia natureza, solápanse, interactúan e evolucionan en relación unhas con outras. Non existe unha xerarquía das culturas, posto que todas contribuíron á evolución da humanidade. A historia das civilizacións é, de feito, unha historia de empréstitos mutuos e de constantes e fértiles cruzamentos.

2.5 A pobreza conduce á desesperanza, á sensación de inxustiza e á alienación, o que, combinado con reivindicacións políticas, pode avivar o extremismo. A erradicación da pobreza podería diminuír os factores vinculados á marxinación e á alienación económicas e, polo tanto, débese reivindicar activamente, como se reclama nos obxectivos de desenvolvemento do milenio.

2.6 O terrorismo nunca ten xustificación. Para lograr que as institucións internacionais e os gobernos sexan capaces de lle poñer fin a esta lacra, debemos abranguer todas as condicións que a orixinan, recoñecendo os vínculos entre a paz, a seguridade, o desenvolvemento socioeconómico e os dereitos humanos. A este



respecto, a Estratexia global contra o terrorismo, recentemente adoptada pola ONU, representa un fito importante.

2.7 Un goberno democrático que represente os cidadáns e responda ás súas necesidades e aspiracións é o medio máis eficaz para que as persoas realicen plenamente as súas capacidades. Para que prosperen, os sistemas democráticos deben xurdir de forma natural dende dentro da cultura de cada sociedade e reflectir os valores compartidos e adaptados ás necesidades e intereses dos seus cidadáns. Isto só é posible cando as persoas son libres e senten que controlan o seu destino.

2.8 A relixión é unha dimensión cada vez máis significativa de moitas sociedades e unha fonte importante de valores persoais. Así, pode desempeñar un papel decisivo no fomento da valoración doutras culturas, relixións e modelos de vida co obxecto de contribuír a crear a harmonía entre eles.

III. O CONTEXTO GLOBAL

Resumo

3.1 Os cambios políticos e tecnolóxicos que se produciron durante o século XX alentaron a esperanza e a posibilidade dun período de harmonía entre nacións sen precedentes e dunha importante mellora do benestar global. En efecto, moito é o que se logrou. A cooperación multilateral e o activismo da sociedade civil achandaron o camiño cara a unha serie de acontecementos positivos nas relacións internacionais, como a prohibición do uso das minas terrestres, a creación de tribunais penais internacionais e o lanzamento dun amplo espectro de iniciativas de cooperación encamiñadas á erradicación de enfermidades e á loita contra a pobreza. Malia estes logros, segue percibíndose en moitos ámbitos un malestar xeneralizado en relación co estado do mundo. Existe unha percepción moi estendida de que as institucións multilaterais, que se crearon para promover os principios



universais e mellorar o benestar xeral, resultan ineficaces debido, principalmente, á falta de apoio dos países máis poderosos e un temor real a que estea en perigo a perspectiva dun futuro máis pacífico, estable e próspero para a mocidade de hoxe. Nalgúns casos, este pesimismo é resultado da particular dinámica local, nacional ou rexional, pero existe tamén un contexto global máis amplo que é preciso considerar.

3.2 En termos sociais, políticos e económicos, Occidente, por un lado, impulsa a globalización e, asemade, vese aparentemente ameazado por algunhas das tendencias desta. As potencias occidentais manteñen o seu abafador poder político, económico e militar no mundo, así como unha influencia desproporcionada nos organismos políticos e económicos multilaterais. A permeabilidade das fronteiras, os fluxos de poboación cada vez maiores dos países pobres aos ricos, as comunidades de inmigrantes non integrados e as repercusións transfronteirizas de factores económicos, ambientais, sanitarios e mesmo de seguridade física, poñen de manifesto tanto a interdependencia das sociedades como a separación, cada vez maior, entre estas.

3.3 En termos de benestar económico, a desigualdade na renda seguiu aumentando nas últimas décadas e os estudos actuais indican que a maior integración na economía mundial exacerbou, de feito, as diferenzas no crecemento económico dos países. Así, máis da metade da humanidade aínda leva unha vida chea de privacións e as diferenzas entre ricos e pobres, tanto dentro dunha mesma sociedade como entre unha sociedade e outra, parecen aumentar inexorablemente. Os sistemas sanitario e educativo nos países en desenvolvemento seguen sendo insuficientes. A destrución do medio intensifícase, a proliferación de armas nucleares, biolóxicas e químicas parece escapar a un control efectivo e as vendas de armas a escala mundial, tanto oficial como ilegal, evaden todo seguimento.

3.4 En termos de benestar político, existe unha percepción crecente de que os principios universais en materia de dereitos humanos e goberno democrático se defenden con forza unicamente na medida en que algúns estados consideran que



serven os seus propios intereses, un enfoque selectivo que lles resta lexitimidade ás institucións multilaterais encargadas de articular, promover e defender os devanditos principios. As declaracións elocuentes en apoio da democracia perden relevancia cando os países poderosos rexeitan e, en ocasións, derrocan gobernos elixidos democraticamente.

3.5 Os mecanismos e as tecnoloxías das que se serven as comunidades para interactuar unhas con outras parecen evolucionar con máis rapidez cá nosa vontade política colectiva de utilizalos en beneficio de todos. Este ámbito proporciona o caldo de cultivo para o xurdimento de políticas baseadas na identidade que poden, pola súa vez, levar a tensións violentas entre comunidades e alentar relacións hostís entre elas.

Identidades e percepcións

3.6 As diversas identidades culturais constitúen parte integrante da riqueza da experiencia humana e como tal deben respectarse e fomentarse. En particular, as tradicións e costumes desempeñan un papel clave no desenvolvemento e a transmisión da identidade moderna. Pero o pulo inexorable cara a un mundo "globalizado" puxo en interdito as identidades dos grupos en numerosas partes do mundo, como América Latina, África e Asia. Os avances da última metade do século XX abriron a posibilidade de que as diversas nacións e culturas se comuniquen con maior facilidade, negocien os seus intereses en maior igualdade de condicións e persigan obxectivos comúns, ao tempo que manteñen as súas peculiares identidades e crenzas. Pola contra, moitos cren que o que xurdiu é un sistema internacional que lles ofrece a perspectiva de benestar económico a uns cantos a cambio dunha maior conformidade e da homoxeneización das culturas, ao que hai que engadir o desmembramento de familias e comunidades provocado pola urbanización e pola negación ou apropiación de estilos de vida tradicionais e a degradación do medio. Cando as comunidades perciben que son marxinas, se lles negan opcións de futuro ou mesmo son oprimidas ou erradicadas, é inevitable que



algúns respondan afirmando as súas identidades orixinarias con máis entusiasmo.

3.7 Nas sociedades democráticas, cando grupos que comparten un pasado de discriminación ou inxustiza reclaman igualdade de dereitos e participación política, a cuestión pode resolverse de forma pacífica mediante, por exemplo, a discriminación positiva. Nos sistemas políticos que non ofrecen canle ningunha para que se escoiten as reivindicacións, xorden con frecuencia grupos políticos e militantes que avogan polo uso da violencia para conseguir unha reparación. O que algúns perciben como movementos de liberación considéranos outros unha ameaza para a seguridade nacional. E, a un extremo do espectro, os radicais que se disputan ganancias económicas ou políticas poden explotar sentimentos de humillación ou de privación para atraer adeptos cara a partidos políticos ou grupos militantes de base relixiosa ou étnica. As proxeccións parciais e subxectivas nos medios de comunicación, ás veces acompañadas de análise de fondo, pero, con máis frecuencia, en termos superficiais e simplistas, agravan as percepcións negativas mutuas.

Emerxencia do extremismo

3.8 A explotación da relixión por parte dos ideólogos, coa intención de atraer a xente cara á súa causa, creou a impresión errónea de que a relixión propiamente dita está na raíz do conflito intercultural. Polo tanto, é fundamental desfacer malentendidos e achegar unha valoración obxectiva e informada sobre o papel da relixión na política dos nosos días. É certo que pode estar a emerxer unha relación simbiótica entre relixión e política nos nosos días, cada unha influíndo sobre a outra. Como exemplo do pasado, a "misión civilizadora" aparentemente secular da empresa colonial ou a doutrina do século XIX sobre o "destino manifesto" tiveron, en realidade, raíces relixiosas. Pola contra, as plataformas abertamente relixiosas dalgúns movementos contemporáneos esconden ambicións políticas que se apropian da relixión con fins ideolóxicos.



3.9 Dende mediados do século XIX ata mediados do século XX, moitas elites intelectuais e políticas deron por feito que a modernización acabaría coa boa saúde da relixión. Segundo esta argumentación, na medida en que a xente alcanzase maior benestar, gozase de maior liberdade política e lograse niveis máis altos de educación, avanzarían a secularización e o secularismo como principio xurídico e político e relegaría a relixión a un papel moito menos importante na realidade mundial, pero nas últimas décadas case todas as grandes relixións cuestionaron esta idea e asumiron un papel na política. En moitas sociedades deféndese, cada vez máis, un papel máis relevante da relixión na vida pública. A maioría expresan este desexo por vías pacíficas, as cales aínda perduran nun mundo que moitos consideran cada vez máis hostil cara á fe, pero unha pequena parte dos grupos de orientación relixiosa de todo o mundo participa en actos de violencia.

3.10 Nesta conxuntura é importante aclarar a nosa interpretación de certos termos usados comunmente. "Fundamentalismo" é un termo acuñado en Occidente polos cristiáns protestantes que non se aplica doadamente a outras comunidades. Úsase frecuentemente para describir movementos que se senten molestos pola marxinalización da relixión na sociedade secular e pretenden reinstaurar o seu papel central. Malia que todos estes movementos son en realidade, en boa medida, renovadores e mesmo heterodoxos, a miúdo reclaman unha volta ás raíces da tradición relixiosa e á observancia literal dos textos e principios básicos, independentemente dos factores históricos. A pesar da imprecisión con que se utiliza o termo, o que importa observar aquí é que este tipo de movementos existe na maioría das tradicións confesionais. Ademais, non son de natureza violenta. O que teñen en común é unha profunda decepción e temor con respecto á modernidade secular que moitos deles perciben como invasiva, amoral e baleira de contido profundo. O extremismo, por outra parte, defende medidas radicais para lograr obxectivos políticos; non é, por natureza, relixioso e pode tamén atoparse en movementos seculares. Nalgúns casos as ideoloxías fundamentalistas e extremistas poden utilizarse para xustificar actos de violencia e mesmo atentados terroristas



contra civís.

3.11 É imprescindible recoñecer que ningunha das relixións do mundo perdoa nin aproba a matanza de inocentes. Todas promoven ideais de compaixón, xustiza e respecto á dignidade da vida. Non obstante, en moitos conflitos recentes en numerosos lugares do mundo explotouse a relixión para xustificar a intolerancia, a violencia e mesmo o acto de quitar a vida. Recentemente, grupos radicais nos sectores marxinais das sociedades musulmás cometeron un número considerable de actos de violencia e terrorismo. Debido a estes actos, o Islam é considerado por moitos unha relixión inherentemente violenta. As afirmacións para tal efecto son, no mellor dos casos, manifestamente incorrectas e, no peor, maliciosas, fan máis profundas as divisións e reforzan a perigosa animadversión entre as sociedades.

3.12 O extremismo e o terrorismo non están motivados unicamente por interpretacións exclusivistas da relixión, como tampouco son os actores estatais os únicos que se valen delas. De feito, as motivacións políticas seculares foron responsables dalgúns dos máis horribles períodos de terror na memoria viva, como o Holocausto, as represións estalinistas na Unión Soviética e os máis recentes xenocidios de Camboxa, Os Balcáns e Ruanda, todos perpetrados polo poder estatal. En resumo, un superficial repaso do século XX indica que o extremismo e os atentados terroristas non foron monopolio dun único grupo, cultura, rexión xeográfica ou orientación política.

3.13 Sempre que as comunidades crean que están a ser obxecto de discriminación, humillación ou marxinación constantes por razón de diferenzas étnicas, relixiosas ou outros sinais de identidade, o máis probable é que reafirmen a súa identidade de forma máis agresiva. Mentres persista o resentimento e, sobre todo, cando este se agrave por unha humillación cada vez maior ou pola falta de esperanza no proceso político normal, os líderes moderados deberán esforzarse sempre por combater o poder de persuasión dos que encirran sentimentos de rabia colectiva e ofrecen a pertenza a un grupo e a reparación a través de ideoloxías



exclusivistas e políticas de enfrontamento e violencia. As medidas eficaces para loitar contra este fenómeno non poden basearse unicamente en combater os que comparten tales ideoloxías; de feito, o máis probable é que estas tácticas aviven aínda máis os mesmos sentimentos que se pretenden erradicar. A única solución duradeira pasa por abordar as raíces do resentimento e da ira que fan en principio atractivas estas ideoloxías exclusivistas e violentas. En ningún outro ámbito as ideoloxías exclusivistas, as percepcións antagonistas, a arrogancia cultural e os estereotipos nos medios de comunicación se combinaron de forma máis perigosa con conflitos creados por inxustizas percibidas e reais ca nas relacións entre as sociedades occidental e musulmá.



IV. A DIMENSIÓN POLÍTICA

Antecedentes históricos

4.1 A Alianza de Civilizacións, baseándose nos esforzos do diálogo entre civilizacións³ e outras iniciativas similares⁴, debe examinar cun enfoque multipolar e global o estado das relacións entre as distintas sociedades contemporáneas, as súas respectivas visións do mundo e as percepcións recíprocas que conforman estas relacións. A presente análise céntrase nas relacións entre as sociedades occidental e musulmá aínda que o enfoque adoptado polo Grupo de Alto Nivel con respecto a esta cuestión pode servir de referencia para superar outras divisións, co fin de establecer a paz e a harmonía.

4.2 Malia os períodos históricos de tensión e confrontación entre os seguidores das tres principais relixións monoteístas (conflitos que eran a miúdo de índole máis política ca relixiosa), é importante aclarar que a coexistencia pacífica, o comercio proveitoso e a mutua aprendizaxe foron as características esenciais das relacións entre o Cristianismo, o Islam e o Xudaísmo dende as súas orixes ata a actualidade. Durante a Idade Media, a civilización islámica, como fonte esencial de innovación, adquisición de coñecementos e progreso científico, contribuíu á aparición do Renacemento e da Ilustración en Europa. Historicamente, os xudeus e os cristiáns que se atopaban baixo o dominio musulmán tiñan unha gran liberdade para practicar a súa relixión. Moitos deles chegaron a desempeñar cargos políticos importantes, e especialmente os xudeus buscaron refuxio nos imperios musulmáns en distintas épocas da historia para fuxir da discriminación e a persecución. De forma similar, nos últimos séculos, a evolución política, científica, cultural e tecnolóxica de Occidente influíu en numerosos aspectos da vida das sociedades musulmáns, e moitos musulmáns desexaron emigrar aos países occidentais debido, en parte, ás

³ Véxase a Axenda global para o diálogo entre civilizacións (A/60/259).

⁴ En particular, a declaración e o programa de acción sobre unha cultura da paz aos que se alude, xunto co diálogo entre civilizacións e a Alianza de Civilizacións, no punto 144 do documento final do Cumio Mundial da



liberdades políticas e as oportunidades económicas que ofrecen.

As relacións entre as sociedades de países occidentais e musulmáns

4.3 Os movementos radicais utilizan versións selectivas da historia antiga para pintar un retrato ameazador de comunidades relixiosas historicamente distintas e mutuamente excluíntes que están condenadas ao enfrontamento. Estes relatos históricos distorsionados teñen que ser contrarrestados. Para os fins do presente informe é máis importante o feito de que esta historia non ofrece explicacións para os conflitos actuais nin para o aumento da hostilidade entre as sociedades occidental e musulmá. Pola contra, a raíz destes fenómenos está en acontecementos que tiveron lugar nos séculos XIX e XX, empezando polo imperialismo europeo, a subseguinte aparición dos movementos anticolonialistas e o legado dos enfrontamento entre eles.

4.4 A división de Palestina polas Nacións Unidas en 1947, que prevía a creación de dous estados —Palestina e Israel— cun estatuto especial para Xerusalén, conduciu á creación do estado de Israel en 1948. Isto dá orixe a unha cadea de acontecementos que continúa sendo un dos puntos máis tortuosos nas relacións entre as sociedades occidental e musulmá. A persistencia da ocupación, por parte de Israel, do territorio palestino e doutros territorios árabes e o estatuto non resolto de Xerusalén, cidade santa para musulmáns e cristiáns e tamén para os xudeus, mantívose co aparente consentimento dos gobernos occidentais, o que é causa fundamental de resentimento e de ira no mundo musulmán cara ás nacións occidentais. Esta ocupación percibiuse no mundo musulmán como unha forma de colonialismo e levou á estendida convicción, verdadeira ou falsa, de que Israel actúa en complicidade con Occidente. Estes resentimentos e percepcións víronse exacerbados aínda máis polas accións de represalia desproporcionadas de Israel en Gaza e Líbano.



4.5 Noutro contexto clave, Oriente Medio revelouose como unha importante fonte de enerxía, esencial para a prosperidade e o poder. As potencias da Guerra Fría rivalizaron para influír nos países desta rexión estratéxica e rica en recursos a miúdo recorrendo a intervencións militares e políticas que contribuíron a frear o desenvolvemento destes países e finalmente se volveron contra os países poderosos, con repercusións que seguen vivas ata hoxe. Un deses feitos foi o golpe de estado de Irán en 1953, cuxas consecuencias demostraron as limitacións e os perigos da inxerencia estranxeira no desenvolvemento político dos países.

4.6. A invasión e ocupación soviética de Afganistán en 1979 abriu outra liña de confrontación. Como parte da política occidental de apoio á oposición relixiosa para conter o comunismo, Estados Unidos e os seus aliados, entre os que se incluían algúns gobernos musulmáns da rexión, uparon a resistencia afgá, os *muyahidin*, e forzaron a retirada soviética en 1989. Despois dun período de inestabilidade, o réxime talibán tomou o control do país e deulle apoio a Al Qaeda, o que fomentou unha profunda hostilidade cara a Occidente e desatou unha cadea de acontecementos que marcarían o comezo do novo milenio.

4.7 Os ataques terroristas perpetrados por Al Qaeda en Estados Unidos en setembro de 2001 obtiveron unha condena case universal, con independencia da relixión e da política, e demostraron a profundidade da hostilidade deste grupo extremista. Provocaron unha contundente vinganza contra o réxime talibán de Afganistán. Estes ataques presentáronse despois como unha das xustificacións para a invasión de Iraq, cuxa relación con aqueles non se comprobou nunca, o que alimentou nas sociedades musulmá a percepción dunha agresión inxusta por parte de Occidente.

4.8 No contexto das relacións entre as sociedades musulmá e occidental, é particularmente aguda a percepción dunha dobre valoración na aplicación do dereito internacional e na protección dos dereitos humanos. As denuncias de castigos colectivos e matanzas selectivas, torturas, detencións arbitrarias, entregas de



persoas e o apoio a réximes autocráticos contribúen a incrementar a sensación de vulnerabilidade no mundo, especialmente nos países musulmáns, e a percepción dunha dobre valoración occidental. As afirmacións no sentido de que o Islam é intrinsecamente violento e as manifestacións similares que verten algúns dirixentes políticos e relixiosos en Occidente —incluído o uso de expresións como "terrorismo islámico" e "fascismo islámico"— contribuíron a un aumento alarmante da islamofobia, que exacerba aínda máis os temores dos musulmáns cara a Occidente.

4.9 Á inversa, os atentados violentos contra a poboación civil en Occidente, incluídos os atentados suicidas, os secuestros e a tortura, crearon unha atmosfera de sospeita, inseguridade e medo en Occidente. Moitos occidentais consideran que tamén os dirixentes musulmáns aplican unha dobre valoración. En efecto, mentres as operacións militares occidentais reciben unha ampla condena por parte musulmá, non acontece o mesmo cos conflitos entre musulmáns. A violencia sectaria entre xiítas e sunnitas nalgúns países musulmáns e as atrocidades cometidas contra civís en Darfur, por exemplo, non levaron a unha condena xeral no mundo musulmán.

4.10 Estas percepcións recíprocas de dobre moral contribúen a crear un clima de sospeita e desconfianza que deteriora as relacións entre as sociedades musulmá e occidental.

Tendencias nas sociedades musulmáns

4.11 Nos últimos tempos da época colonial, moitos pensadores musulmáns instaron as súas comunidades a adaptarse aos tempos modernos. Despois da independencia, varios dirixentes musulmáns emprenderon programas de modernización para promover o desenvolvemento dos seus respectivos pobos. A miúdo os partidos relixiosos consideraban que esta política estaba ditada por programas de secularización. Nas últimas décadas observouse o aumento dunha serie de diferentes movementos relixioso-políticos, denominados de xeito xenérico "islamistas", que obtiveron credibilidade e apoio popular, en parte por



proporcionarlles servizos sociais moi necesarios a grupos marxidados, sobre todo no campo da sanidade e no da educación. Estes contrastan con moitos dos réximes no poder, dos que existe a opinión xeneralizada de que non conseguiron garantir de modo suficiente o benestar económico e social das súas poboacións.

4.12 Ao avaliar as relacións entre as sociedades occidental e musulmá, é importante advertir que o activismo islamista non produce necesariamente na sociedade unha militancia islamista, e que esta última non leva automaticamente a unha confrontación violenta con Occidente. As razóns das manifestacións violentas hai que buscalas, entre outros factores, na invasión das forzas militares occidentais de determinados países musulmáns e a súa continua presenza neles, combinadas coa supresión dos movementos políticos no mundo musulmán. Como se viu ao longo da historia e en moitos países, a represión política, xunto co mantemento da ocupación, contribúe a reforzar a resistencia violenta. Iso fai pensar na cuestión das forzas que actúan no seo do mundo musulmán e que afectan as relacións entre as sociedades musulmáns e o resto do mundo.

4.13 A difícil situación que sofre unha gran parte do mundo musulmán non se lle pode atribuír soamente á intervención estranxeira. Por todo o mundo musulmán se está a escenificar un debate interno entre forzas progresistas e reaccionarias sobre unha serie de problemas sociais e políticos, así como sobre as interpretacións das leis e tradicións islámicas. En termos simplificados, pero evidentes, a resistencia aos cambios dalgunhas sociedades musulmáns atópase na raíz da súa posición desfavorable en comparación con outras sociedades que avanzan rapidamente na idade contemporánea. Parece que os musulmáns son cada vez máis conscientes de que o autoritarismo e o conformismo que caracterizaron a moitas das súas sociedades nos séculos pasados son desvantaxes moi grandes para elas nun mundo cada vez máis integrado e interdependente. Parece evidente que todas as sociedades musulmáns resultarían beneficiadas dun maior diálogo e debate para identificar que factores internos inhibiron o seu desenvolvemento e a súa plena integración nas comunidades políticas, económicas e intelectuais a escala mundial,



e que ideas permitirían superar estas barreiras.

4.14 En certos casos, persoas que se autoproclaman líderes relixiosos utilizaron no seu proveito un desexo popular de dirección espiritual para defender interpretacións estreitas e distorsionadas das ensinanzas islámicas. Estes individuos difunden, de xeito desfigurado, como preceptos relixiosos determinadas prácticas, como os crimes de honra, os castigos corporais e a opresión da muller. Estas prácticas non só contradín as normas internacionalmente recoñecidas en materia de dereitos humanos, senón que, en opinión de respectados especialistas musulmáns, non teñen fundamento relixioso. Estes estudosos demostraron que unha lectura seria dos textos relixiosos e da historia do Islam conducirían á erradicación e non á perpetuación destas prácticas.

4.15 Moitas destas prácticas están directamente relacionadas coa condición da muller. Nalgunhas sociedades musulmáns, individuos relixiosos mal preparados, ás veces en convivencia con réximes políticos conservadores e pouco ilustrados, conseguiron limitar, en boa medida, o acceso da muller á vida pública e profesional, e obstaculizar así as súas expectativas e posibilidades de autorrealización. O resultado, para estas mulleres, para a sociedade en xeral e para as futuras xeracións, foi impedir o desenvolvemento económico e social, ademais do pluralismo democrático. Este problema só se pode solucionar con leis que fomenten a plena igualdade de xénero, de conformidade coas normas internacionalmente recoñecidas en materia de dereitos humanos. Tales medidas terán maiores probabilidades de éxito se se apoian nunha educación relixiosa baseada nunha interpretación seria das ensinanzas relixiosas. Hai que sinalar, non obstante, que en moitas partes do mundo, e tamén nos países occidentais, queda aínda moito por facer polo que respecta á situación da muller.

4.16 Quen acabará impoñéndose nestes conflitos entre musulmáns será clave non só para o futuro das sociedades musulmáns, senón tamén para as súas futuras relacións co resto do mundo, e este é o motivo polo que se aborda aquí a cuestión.



Está claro que só poden resolver estas tensións as propias sociedades musulmás. Aínda que non parece que os non musulmáns poidan desempeñar papel ningún, os activistas e gobernos occidentais en particular deben evitar certas accións que repercuten de xeito negativo nos debates que se desenvolven nas sociedades musulmás. A propagación por parte dos medios de comunicación e dos gobernos de explicacións simplistas que culpan o Islam como relixión ou que enfrontan equivocadamente os laicos cos activistas relixiosos ten efectos prexudiciais. Aquí inclúense os medios de comunicación que só lles dedican tempo e espazo ás opinións relixiosas máis extremistas do mundo musulmán e, fronte a elas, aos ideólogos occidentais máis contrarios ao Islam. De igual modo, fomentan a polarización algúns medios de comunicación producidos en países musulmáns que presentan retratos negativos, na súa maior parte ou na súa totalidade, do resto das comunidades. A utilización de expresións como "terrorismo islámico" en Occidente e "modernos cruzados" no mundo islámico agudiza a hostilidade mutua.

4.17 Un dos debates internos do mundo musulmán que máis directamente afecta as relacións coas sociedades occidentais é o do concepto de *yihad*. A noción de *yihad* é moi rica, con numerosas acepcións que van dende a loita entre o ben e o mal no interior de cada individuo (á que a miúdo se chama no Islam a "gran" *yihad*) á loita coas armas para defender a propia comunidade (a "pequena" *yihad*). Este termo é utilizado cada vez máis frecuentemente polos extremistas para xustificar a violencia, sen entrar a considerar o contexto histórico nin as esixencias relixiosas que, segundo moitos estudosos musulmáns, terían que subxacer á súa utilización. Cando os medios de comunicación e os dirixentes políticos occidentais lles prestan atención e un maior eco a estas exhortacións á violencia das faccións radicais, a noción de *yihad* perde os múltiples significados e as connotacións positivas que ten para os musulmáns e queda asociada só cos significados violentos e negativos que se lle atribuíron ao devandito termo de xeito erróneo.

4.18 Para moitos musulmáns, os únicos logros que, na súa opinión, se obtiveron ao rexeitar a ocupación ou a dominación política dos países occidentais durante os



últimos trinta anos foron os liderados polos movementos relixioso-político-militares e polos actores non estatais. A capacidade destes grupos, sobre os que se considera que as nacións occidentais ocupan unha superioridade militar, económica e política abafadoras, para conseguir resistir a invasión e a ocupación mediante unha guerra asimétrica provoca sentimentos de solidariedade e apoio. O medo á dominación por Occidente é tan forte e xeneralizado que o apoio aos movementos de resistencia se atopa mesmo en persoas que non comparten as ideoloxías políticas ou relixiosas destes grupos nun sentido máis amplo, ou en persoas ás que lles preocupan os efectos a longo prazo que a súa eventual supremacía tería sobre as liberdades políticas ou sociais. Por iso non debe sorprendere que entre os sectores máis alienados e frustrados das sociedades musulmás, onde os sentimentos de impotencia e de trato inxusto son maiores, atope apoio a retórica revolucionaria dos movementos relixioso-militares máis radicais.

4.19 Por outra banda, as accións destes grupos, todos eles nados no contexto da oposición política, contrastan fortemente coa percepción dos fracasos dos réximes oficiais en moitos países musulmáns. De feito, considérase que moitos destes réximes son incapaces de resistir á inxerencia estranxeira ou son firmes aliados de certas nacións occidentais que apoian, supostamente, a ocupación dos países musulmáns ou a represión dos correligionarios musulmáns.

4.20 Neste contexto, existe unha percepción crecente, tanto dentro do mundo musulmán como máis alá das súas fronteiras, de que cómpre establecer unha diferenciación entre, por unha parte, os movementos nacionais que se opoñen á ocupación estranxeira e, por outra, os grupos terroristas con aspiracións a escala mundial. Non todos comparten este punto de vista na comunidade internacional. Os grupos de resistencia deben ser alentados a loitaren polos seus obxectivos a través da participación non violenta nos procesos políticos e da representación democrática. Para os grupos terroristas de alcance mundial, o "choque de civilizacións" é un lema ben recibido polo seu potencial para atraer e motivar unha gama pouco homoxénea de membros operativos e partidarios. Debemos deixar



claro que, na nosa opinión, os ataques contra a poboación civil e non combatente, xa sexan cometidos por organizacións de resistencia, grupos militantes de alcance mundial ou estados, non poden xustificarse por ningún fin político, aínda que este se derive dunha inxustiza histórica ou dunha provocación contemporánea. Estas accións deben ser condenadas inequivocamente.



V. CARA A UNHA ALIANZA DE CIVILIZACIÓNS: **RECOMENDACIÓNS POLÍTICAS XERAIS**

Oriente Medio

5.1 No que respecta ás relacións entre as sociedades musulmás e as occidentais, debemos recoñecer as realidades contemporáneas que conforman as opinións de millóns de musulmáns: o prolongado conflito palestino-israelí, a violencia en Afganistán e o conflito —cada vez máis violento— en Iraq.

5.2 Debemos subliñar a urxencia crecente da cuestión palestina, que constitúe un factor principal da fisura que se está a abrir entre a sociedade musulmá e a occidental. A este respecto, debemos expresar a nosa opinión colectiva de que, sen unha solución xusta, digna e democrática, baseada na vontade de todos os pobos implicados no devandito conflito, todos os esforzos, incluídas as recomendacións contidas no presente informe, por tender pontes e contrarrestar a hostilidade entre as sociedades terán, con toda probabilidade, un éxito só limitado.

5.3 A nosa énfase no conflito palestino-israelí non pretende dar a entender que é a causa manifesta de todas as tensións entre a sociedade musulmá e occidental. Outros factores crean tamén resentimento e desconfianza, incluída a espiral da crise de Iraq, a inestabilidade subsistente en Afganistán e os problemas internos das sociedades musulmás, ademais dos atentados terroristas contra a poboación civil en moitos países. Non obstante, a nosa opinión é que a cuestión palestino-israelí adquiriu un valor simbólico que impregna as relacións interculturais e políticas entre os seguidores dos tres credos monoteístas principais, máis alá do seu limitado ámbito xeográfico.

5.4 Conseguir unha solución xusta e sostible ao devandito conflito esixe coraxe e unha visión audaz do futuro por parte dos israelís, dos palestinos e de todos os países capaces de influír na situación. Cremos firmemente que o progreso na



devandita fronte require o recoñecemento das aspiracións nacionais tanto dos palestinos coma dos xudeus e o establecemento de dous estados completamente soberanos e independentes que coexistan un ao lado do outro en paz e seguridade.

5.5 Para alcanzar o devandito obxectivo é preciso que Israel non só acepte senón que facilite tamén a creación dun estado palestino viable. Os acordos de paz que involucran a Israel, Exipto e Xordania demostran que son factibles os avances construtivos emprendidos en liña co dereito internacional. Ademais, as bases acordadas por todas as partes na Conferencia de Madrid de 1991, a iniciativa de paz do presidente Clinton en 2000 e a proposta de paz da Liga Árabe na súa reunión de Beirut (Líbano) en 2002 puxeron de manifesto que o marco para un acordo de base ampla existe xa e que se pode xerar unha vontade política.

5.6 Reviste especial importancia a este respecto o recoñecemento mutuo das versións opostas que xurdiron logo da creación do estado de Israel. Aos ollos da maioría dos xudeus e israelís, este acontecemento foi a culminación dunha antiga aspiración por construír unha patria xudía e foi seguida de inmediato por un ataque dende os países árabes veciños. Pola contra, os palestinos e a maioría da poboación do mundo musulmán viviron este feito como un acto de agresión que conduciu á expulsión de centos de miles de palestinos e á ocupación das súas terras. Paga a pena subliñar que estas dúas versións opostas teñen reflexo en interpretacións diverxentes da historia recente: diferentes modos de describir os conflitos, a ocupación e os esforzos por negociar a paz.

5.7 Un libro branco sobre o conflito palestino-israelí. As versións enfrontadas de palestinos e israelís non se poden reconciliar por completo, pero han de recoñecerse mutuamente para sentar os alicerces dun acordo perdurable. Para este fin, recomendamos a elaboración dun libro branco que analice o conflito palestino-israelí dun xeito desapaixonado e obxectivo, lles dea voz ás versións de cada unha das partes, revise e diagnostique os éxitos e fracasos das pasadas iniciativas de paz e estableza claramente as condicións que se deben dar para atopar unha vía de



saída da devandita crise. Ese documento podería proporcionar unha base firme para o traballo dos máximos órganos de decisión implicados nos esforzos para resolver o devandito conflito. Unha análise sensata e racional debería demostrarlles aos palestinos que se recoñece plenamente o custo de varios decenios de ocupación, malentendidos e estigmatización, mentres que, ao mesmo tempo, debería contribuír a exorcizar os temores dos israelís. Ese esforzo outorgaría maior peso aos que buscan unha solución xusta para o devandito conflito e debilitaría os extremismos de ambos os dous lados, que deixarían de ser os principais defensores dunha causa da que conseguiron apropiarse por quedar a súa historia sen narrar ou ser deliberadamente ignorada pola comunidade de nacións.

5.8 Un proceso de paz multilateral revigorizado. Como un paso máis nun renovado esforzo por resolver os problemas subxacentes á crise de Oriente Medio, o Grupo de Alto Nivel insta a que se retome o proceso político, coa convocatoria, o antes posible, dunha conferencia internacional sobre o proceso de paz de Oriente Medio na que deberían estar presentes todos os actores de relevancia, co propósito de alcanzar un acordo de paz global.

5.9 Pactos internacionais para Iraq e Afganistán⁵. A comunidade internacional debe responder cun sentido de responsabilidade á crise política e humanitaria en Iraq. O Grupo de Alto Nivel expresa o seu pleno apoio aos esforzos da Liga Árabe por construír un consenso político interno en Iraq e á plena aplicación do Pacto internacional para Iraq. De forma similar, aínda que nun contexto rexional diferente, o Grupo de Alto Nivel expresa o seu completo apoio ao Pacto internacional recentemente lanzado para Afganistán.

5.10 Pluralismo político nos países musulmáns. Un dos factores que contribúen á

⁵ O Pacto internacional para Iraq, patrocinado polo Goberno de Iraq, a Organización das Nacións Unidas e o Banco Mundial, púxose en marcha na reunión preparatoria de Abu Dhabi o 10 de setembro de 2006. Véxase www.iraqcompact.org. O Pacto para Afganistán, resultado das consultas entre o Goberno de Afganistán, a Organización das Nacións Unidas e a comunidade internacional, foi lanzado na Conferencia de Londres sobre Afganistán, celebrada do 31 de xaneiro ao 1 de febreiro de 2006. Véxase www.fco.gov.uk.



polarización entre as sociedades musulmás e occidentais e ao crecemento do extremismo nas devanditas relacións é a represión dos movementos políticos no mundo musulmán. Xa que logo, ás sociedades musulmás e occidentais interésalles por igual que os partidos gobernantes no mundo musulmán proporcionen o espazo necesario para a plena participación dos partidos políticos non violentos, tanto se son de natureza relixiosa como secular. Para este fin, os gobernos occidentais deben ser consecuentes no seu apoio aos procesos democráticos e non interferir cando os resultados non se axusten ás súas axendas políticas. Este chamamento á ampliación do pluralismo político aplícase non só aos países de Oriente Medio ou, nun sentido máis amplo, ao mundo musulmán, senón a todas as nacións.

Outras recomendacións políticas xerais

5.11 Un compromiso renovado co multilateralismo. Como se sinalou ao longo do presente informe, moitos dos problemas aos que se enfrenta a comunidade internacional só se poden abordar de xeito efectivo nun marco multilateral. Xa que logo, incúmbelles aos estados reforzar as institucións multilaterais, especialmente ás Nacións Unidas, e apoiar os proxectos de reforma que reforcen a capacidade e a actuación das devanditas institucións.

5.12 Un respecto pleno e consecuente do dereito internacional e dos dereitos humanos. A polarización entre as comunidades medra cando os dereitos humanos universais se defenden ou se percibe que se defenden de xeito selectivo. En consecuencia, o establecemento dun diálogo xenuíno entre as nacións esixe un entendemento común dos principios internacionais dos dereitos humanos e un compromiso universal coa súa aplicación plena e consecuente. En particular, este diálogo débese fundamentar no respecto aos dereitos individuais (incluídos a liberdade de conciencia, a liberdade de expresión e a protección fronte á tortura e outros tratos inhumanos ou degradantes), segundo se definen na Declaración universal dos dereitos humanos, os convenios de Xenebra e outros documentos básicos, así como no recoñecemento da autoridade dos tribunais penais



internacionais.

5.13 Políticas de migración coordinadas coherentes coa defensa dos dereitos humanos. A migración xestiónase de forma máis eficaz cando se coordinan as políticas entre os países de orixe, tránsito e destino dos migrantes e cando estas son coherentes coa lexislación internacional en materia de dereitos humanos, o dereito humanitario internacional e os acordos internacionais que regulan a protección dos refuxiados e as persoas desprazadas internamente.

5.14 Combater a pobreza e as desigualdades económicas. Unha Alianza de Civilizacións só se pode levar a cabo dentro dun marco internacional que inclúa o compromiso de todos os países de traballar en prol da consecución dos obxectivos de desenvolvemento do milenio. Non se pode esaxerar a urxencia desta cuestión. As desigualdades no mundo medran a un ritmo alarmante. A metade da poboación de África vive con menos dun dólar diario. Aínda que este continente alberga case a sexta parte da poboación mundial, representa menos do 3% do comercio mundial e sitúase moi por detrás noutros ámbitos, como o investimento, a educación e a sanidade⁶. Estes problemas han de abordarse urxentemente, xa que a fenda crecente entre ricos e pobres desempeña un papel crucial como factor que suscita resentimento e erosiona a solidariedade mundial.

5.15 Protección da liberdade de culto. A liberdade relixiosa e a liberdade de culto son dereitos fundamentais que han de garantir todos os países e todas as comunidades de crentes. En consecuencia, débese dedicar unha especial atención ao respecto dos monumentos relixiosos e dos lugares sagrados, pois teñen un significado que se encontra no núcleo da identidade relixiosa individual e colectiva. A violación e profanación dos lugares de culto pode danar gravemente as relacións

⁶ Conforme ao Informe sobre desenvolvemento humano de 2005, elaborado polo Programa das Nacións Unidas para o desenvolvemento, África recibiu un investimento estranxeiro directo equivalente a 13.000 millóns de dólares EEUU, fronte aos 216.000 millóns que lle corresponderon á UE, 147.000 millóns a Asia e 95.000 millóns a América do Norte. Ademais, 18 dos 53 países do continente africano experimentaron un empeoramento do nivel de vida entre 1990 e 2003.



entre as comunidades e aumentar o risco de que se desencadee unha violencia xeneralizada. En liña coa resolución adoptada pola Asemblea Xeral da ONU en 2001⁷, cremos que os gobernos deben adoptar unha postura firme contra a profanación de lugares sagrados e de culto e asumir a responsabilidade da súa protección. Así mesmo, instamos a sociedade civil e as organizacións internacionais a axudar a promover unha cultura de tolerancia e respecto cara a todas as relixións e os lugares relixiosos.

5.16 Exercer un liderado responsable. Moitas das cuestións que alimentan as tensións entre as comunidades xorden no cruzamento da política e a relixión. Un deses problemas é a repercusión do discurso incendiario que ás veces utilizan os líderes políticos e relixiosos e o destrutivo efecto que esa linguaxe pode ter cando a difunden os medios. Este tipo de linguaxe favorece a propagación do odio e a desconfianza, que dan lugar, pola súa vez, á islamofobia, á xenofobia e ao antisemitismo. No clima actual de temor e sospeita que se apoderou das comunidades de todo o mundo, os líderes e formadores da opinión pública teñen a gran responsabilidade de promover o entendemento entre culturas e o respecto mutuo polas crenzas e tradicións relixiosas. Dados a influencia e o respecto que suscitan, é o seu deber evitar unha linguaxe violenta ou provocadora sobre as crenzas e símbolos sagrados doutros pobos.

⁷ Véxase a resolución da ONU sobre a protección de lugares relixiosos (A/RES/55/254) adoptada pola Asemblea Xeral o 31 de maio de 2001.



5.17 A importancia central do activismo social civil. Se ben se necesitan medidas políticas para avanzar en cada unha das recomendacións sinaladas anteriormente, a acción política emprendida sen o apoio da sociedade civil rara vez consegue un cambio duradeiro. Por conseguinte, o Grupo de Alto Nivel insta a concederlle un papel e unha participación maiores á sociedade civil nos mecanismos para levar adiante as súas recomendacións e, en particular, para unha resolución pacífica dos conflitos.

5.18 Establecer asociacións para potenciar unha Alianza de Civilizacións. O Grupo de Alto Nivel recomenda o desenvolvemento de asociacións no marco da Alianza de Civilizacións con organizacións internacionais que compartan os seus obxectivos, e o reforzamento da súa interacción e coordinación co sistema da ONU. Débeselle conceder unha particular atención a aquelas organizacións internacionais que forman parte da familia da ONU e a aquelas organizacións que viñeron cooperando co Grupo de Alto Nivel da Alianza de Civilizacións: a Unión Europea, a Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (OSCE), a Organización para a Educación, a Ciencia e a Cultura das Nacións Unidas (UNESCO), a Organización da Conferencia Islámica (OIC), a Liga de Estados Árabes, a Organización para a Educación, a Ciencia e a Cultura Islámica (ISESCO), Cidades e Governos Locais Unidos (CGLU) e a Organización Mundial do Turismo (OMT), así como outras organizacións internacionais e nacionais públicas e privadas.

5.19 A finalidade principal da análise contida na parte I do presente informe, tanto no ámbito global coma no ámbito específico das relacións entre a sociedade musulmá e occidental, é crear as bases e sentar os principios morais para unha acción concertada nos niveis institucional e da sociedade civil, co fin de fomentar a harmonía entre culturas e reforzar a estabilidade mundial. O resto do presente informe (parte II – “Principais campos de acción”) explora os principais medios polos cales se podería emprender a devandita acción: a análise das funcións clave que na actualidade desempeñan a educación, a xuventude, a migración e os medios de comunicación nas relacións entre sociedades e a proposta de accións que se poden



emprender en cada un dos devanditos sectores para mellorar as relacións.



PARTE II

VI. PRINCIPAIS CAMPOS DE ACCIÓN

6.1 Na parte I do presente informe insistiuse na resolución dos conflitos políticos máis acesos e simbólicos, porque cremos que é de vital importancia para apartar os obstáculos para o establecemento dunha Alianza de Civilizacións. Ao mesmo tempo, recoñecemos que o temor mutuo, a sospeita e a ignorancia sobre as culturas se difundiron máis alá do nivel dos dirixentes políticos, ata chegar ao corazón e ao pensamento da poboación, ata o punto de que periodicamente se alude á existencia de diferenzas esenciais e irreconciliables entre culturas e relixións como explicación dunha serie de conflitos culturais e políticos. Este fenómeno inquietante débese abordar de forma pragmática.

6.2 En particular, as políticas de educación, xuventude, medios de comunicación e migración poden desempeñar unha función crítica para axudar a reducir as tensións interculturais e tender pontes entre as comunidades. A finalidade da parte II do presente informe é, en consecuencia, proporcionar unha visión de conxunto destas áreas e formular accións que poderían emprenderse en cada unha delas, recoñecendo os esforzos que xa están en marcha e propoñendo vías para ampliar, reforzar, conectar e consolidar os devanditos esforzos. Os membros do Grupo de Alto Nivel cren firmemente que xa existe unha preocupación significativa en toda a comunidade internacional pola marea crecente de conflitos letais e un desexo popular de ampla base de seguridade e prosperidade humanas universais. O que se necesita é reforzar as vías para a súa expresión e avance, e este é un esforzo ao cal poden contribuír todos os sectores da sociedade.



Educación

6.3 Os sistemas educativos afrontan hoxe o reto de preparar os mozos para un mundo interdependente que resulta perturbador para as identidades individuais e colectivas. A educación sobre a historia propia proporciona un sentido de comunidade e solidariedade, pero débese equilibrar cun coñecemento dos asuntos mundiais e un entendemento e apreciación doutras sociedades e culturas. A educación nas súas diversas formas, incluídos a música, o deporte, a arte, o teatro e o cinema, pode axudar a tender pontes entre as comunidades e as persoas. Estas perspectivas tan amplas animan os mozos a apartarse do tipo de pensamento exclusivista que mantén que os intereses dun grupo poden promoverse a expensas dos outros ou que a discriminación dun grupo xustifica a discriminación dos outros. A educación informal pode desempeñar unha función mobilizadora clave para conseguir os devanditos obxectivos.

6.4 Educación cívica e para a paz. A educación cívica ofrece vías para abordar as cuestións relacionadas coa identidade e fomentar o respecto á diversidade. As ideoloxías radicais promoven un mundo de identidades que se exclúen mutuamente. Este tipo de formulacións poden contrarrestarse mediante o desenvolvemento do respecto ás diversas culturas a través da percepción dos valores e as ideas compartidas. Os cidadáns han de ter coñecemento destes principios, consagrados na Declaración universal dos dereitos humanos da ONU e a Declaración universal sobre diversidade cultural da UNESCO, para que poidan funcionar de forma efectiva nun mundo plural.

6.5 Educación global e transcultural. As nacións cuxas poboacións son cada vez máis multirrelixiosas e multiétnicas teñen que recoñecer a necesidade dunha educación máis integradora do mundo e dos seus pobos. Durante as últimas décadas, numerosas universidades e centros de investigación importantes de todo o mundo viñeron realizando esforzos para desenvolver programas sobre Historia Universal ou Historia da Humanidade con enfoques multipolares. Os esforzos



crecentes para ensinar Historia Universal interdisciplinaria en universidades e colexios contribúen a desenvolver o coñecemento e a comprensión da diversidade e interdependencia das culturas de todo o mundo e a crear un sentimento de experiencia humana compartida.

6.6 Programas de intercambio, en especial ao nivel de posgrao e científico. A experiencia máis recente puxo de manifesto que os programas de intercambio de nivel científico, é dicir, aqueles nos que participan estudantes de posgrao e profesores, pode ter un impacto de grande alcance: non só axudan a superar malentendidos culturais, senón que contribúen á transmisión de coñecementos, que é un factor clave no fomento do desenvolvemento. Lograríanse avances significativos se se garante que os programas de intercambio teñen un maior grao de reciprocidade, de maneira que aseguren o incremento dos fluxos norte-sur de intercambio científico e transmisión do coñecemento.

6.7 Alfabetización acerca dos medios de comunicación. A exposición continua da poboación aos medios de comunicación de masas representa un desafío no ámbito da educación, que se incrementou na era electrónica e dixital. A avaliación das fontes de información require coñecementos e pensamento crítico, e constitúe unha tarefa educativa cuxa importancia se subestima a miúdo. Distinguir entre feitos e opinións, avaliar texto e imaxe en canto á subxectividade que poidan conter e construír e desconstruír un texto sobre a base dos principios da lóxica son técnicas que poden ensinarse. A instrución sobre os medios de comunicación non goza de amplo recoñecemento a pesar da súa importancia como unha faceta máis da educación cívica e para a paz, e por iso se desenvolveron poucos programas de instrución no marco da educación básica actual.

6.8 Educación e relixión. O dereito a elixir e a practicar a propia fe sen coacción está consagrado no artigo 18 da Declaración universal dos dereitos humanos e na maior parte das tradicións relixiosas. Os sistemas educativos, incluídas as escolas relixiosas, deben proporcionarlles aos estudantes comprensión e respecto polas



distintas crenzas, prácticas e culturas relixiosas do mundo⁸. Non son só os cidadáns e os líderes relixiosos, senón toda a sociedade no seu conxunto a que necesita unha comprensión mínima das tradicións relixiosas distintas da súa propia e das ensinanzas esenciais sobre a compaixón que son comúns a todas as relixións.

6.9 Educación e desenvolvemento. O acceso á educación non existe aínda para un gran número de mozos e de mulleres, en particular nos países en desenvolvemento⁹. Naqueles países nos que a pobreza obriga os pais a elixir entre os seus fillos, frecuentemente son as nenas as primeiras que teñen que deixar a escola. Os esforzos para ampliar o acceso á educación primaria, secundaria e terciaria teñen que seguir formando parte dos obxectivos de desenvolvemento do milenio, utilizando sistemas innovadores de ensino a distancia, así como medios tradicionais para aumentar as oportunidades educativas.

6.10 Novas tecnoloxías e acceso a internet. A escasa presenza de ordenadores e a falta de acceso a internet nos países en desenvolvemento —fenómeno coñecido como brecha dixital— aumentan a inxustiza e dificultan a aprendizaxe transcultural¹⁰. Sen posibilidades de acceso xeneralizado a internet, en particular nos centros de ensino, as poboacións desas rexións non poderán participar plenamente no que se está a converter na principal forma de acceso á información e de interacción intercultural no mundo. É imprescindible aumentar o acceso a internet nos países en desenvolvemento para que os mozos desas rexións poidan acceder a

⁸ O inadecuado dos enfoques educativos actuais sobre as relacións entre o mundo musulmán e occidental reflíctese nunha serie de enquisas. En decembro de 2005, unha enquisa de Gallup entre estadounidenses revelou que, cando se lles preguntaba sobre o que admiraban das sociedades musulmás, a resposta máis frecuente entre os entrevistados (32%) era "nada", e a segunda (25%) era "non sei". Véxase "Americans' Views of the Islamic World", Gallup Poll News Service, 8 de febreiro de 2006.

⁹ Segundo o estudo do Fondo de poboación das Nacións Unidas sobre os avances realizados na consecución do segundo obxectivo de desenvolvemento do milenio publicados con ocasión do Día Mundial da Poboación, o 11 de xullo de 2006, aínda que se produciu un incremento ininterrompido e continuo dende 1995 das cifras totais de mozos que finalizaron a educación primaria, segue habendo 130 millóns de nenos que non están escolarizados e 133 millóns que son analfabetos.

¹⁰ Mentres que os Estados Unidos e Europa (con Asia oriental) presentan as porcentaxes máis altas de ordenadores en propiedade e conexións a internet, o número de ordenadores en Oriente Medio e no norte de África é unicamente do 18 por mil, fronte a unha media global de 73,8. Véxase *Pocket -World in Figures -2005 Edition*, The Economist en asociación con Profile Books LTD, Londres, 2004.



un corpus de información máis amplo e ás novas formas de comunicación con persoas doutras nacións, etnias e relixións. Estes esforzos teñen que combinarse co apoio ou coa creación de ferramentas e espazos electrónicos que fomenten o diálogo e o entendemento intercultural.

6.11 Educación para o emprego e para a vida. Os retos do desenvolvemento seguen facendo que moitos esforzos de reforma educativa se centren case exclusivamente na necesidade de preparar os mozos para o emprego. Esta énfase produciu desequilibrios no sistema educativo e creou unha división ríxida entre educación técnica, científica e matemática, por unha parte, e en ciencias sociais e humanidades, pola outra, e estas últimas sufriron unha depreciación ao considerarse improdutivas dende o punto de vista económico. Esta bifurcación do coñecemento apártase do consenso crecente entre os intelectuais sobre a importancia dos enfoques integradores e multidisciplinares da educación, que preparan os estudantes para a complexidade, ambigüidade e cambios constantes que caracterizan a vida nun mundo multicultural.

Xuventude

6.12 Aumento das oportunidades para a mobilización xuvenil. O incremento global dos movementos e organizacións xuvenís dos últimos anos ofrece novas oportunidades para a mobilización dos mozos. Os programas de intercambio de estudantes, as actividades deportivas e a participación na política poden proporcionar novas oportunidades para promover o entendemento transcultural e o respecto pola diversidade. Ademais, o apoio á participación dos mozos nos procesos de toma de decisións pode beneficiar a toda a sociedade no seu conxunto, xa que esta é unha fonte de ideas innovadoras e proporcionan enerxía para o cambio positivo. A este respecto, é extraordinariamente importante recoñecer a xuventude non só como unha fonte de mobilización, senón como actores e socios autónomos.



6.13 Programas de intercambio. O intercambio de mozos é un método eficaz para superar as barreiras culturais, aumentar a conciencia intercultural e promover o desenvolvemento individual. Existe unha urxente necesidade de aumentar de forma radical os programas de intercambio entre mozos procedentes de distintas culturas, tomando como base os modelos que deron resultados positivos e as leccións aprendidas das experiencias europeas e euromediterráneas¹¹, con especial énfase nos intercambios entre países occidentais e musulmáns¹².

6.14 Alienación socioeconómica. A taxa de desemprego xuvenil é entre dúas e tres veces superior á taxa nacional de desemprego en todos os países. Para os mozos de certos países con maioría musulmá o problema é especialmente grave. Oriente Medio e o norte de África presentan a taxa máis baixa de participación xuvenil no mercado laboral: 40% fronte á taxa mundial do 54%. As estratexias para mellorar a participación dos mozos na economía, como a orientación profesional nos centros de ensino, as estratexias nacionais de emprego xuvenil e a promoción da creación de empresas por parte da mocidade son fórmulas importantes para loitar contra o desemprego xuvenil.

6.15 Alienación cultural. Hai unha serie de factores que desempeñan un papel na alienación cultural da mocidade, entre eles a falta de modelos para imitar e as poucas oportunidades que estes teñen para expresar, nos seus propios contextos culturais e relixiosos, as cuestións que son importantes para eles. No ámbito da cultura, existe un gran desequilibrio entre os produtos que son representativos da xuventude occidental e aqueles que se orientan, principalmente, a públicos non occidentais. Isto non só afecta a posibilidade de que se produza un diálogo cultural valioso, senón que exerce un efecto negativo sobre como se ven os mozos a si

¹¹ Cf. en particular os programas Erasmus, Leonardo e Sócrates, así como o Programa EuroMed para a xuventude, todos eles organizados pola Unión Europea.

¹² Un estudo recente levado a cabo por AEA Consultoría (Nova York) sobre os intercambios con Estados Unidos revelou que o 30% do total de bolsas internacionais de intercambio cultural dos Estados Unidos se destina a intercambios con Europa (a cota máis elevada dedicada a unha mesma rexión), mentres que só o 6% se destina a Oriente Medio (a cota máis reducida dedicada a intercambios cunha rexión). Véxase "Cultural & Artistic Exchanges Between the West and Predominantly Muslim Countries: Working Paper, May 13 2006



mesmos e á súa propia cultura.

6.16 Promoción da participación. A participación dos mozos en institucións da comunidade, organizacións xuvenís e órganos reitores de organizacións e institucións da sociedade civil pode proporcionarlles plataformas excepcionais para que asuman papeis construtivos nas súas comunidades. A escala mundial, a representación xuvenil experimentou un crecemento renovado nos últimos anos a través das reunións de plataformas xuvenís rexionais. Estas redes proporcionan oportunidades para que iniciativas como a Alianza de Civilizacións se beneficien das contribucións de mozos de distinta procedencia cultural, relixiosa e nacional, e colaboren á súa mobilización.

Migración

6.17 A dimensión dinámica da migración. Practicamente todos os estados son estados de orixe e de destino de migrantes. Nun mundo de fronteiras porosas, de medios de transporte e de comunicación que evolucionan rapidamente e de economías globalizadas, as diferentes poboacións teñen que influírse mutuamente a través da migración continua, o que presenta novos retos, en especial para os países de acollida. A forma en que esta dinámica se reflicta nos medios de comunicación, a analicen os líderes políticos e culturais e a xestionen os deseñadores de políticas será determinante para que as poboacións consideren a crecente diversidade como unha fonte de enerxía ou como unha ameaza.

6.18 Estratexias proactivas para abordar a migración. As estratexias coordinadas a escala nacional, rexional e internacional son indispensables para previr o trato inhumano e discriminatorio das poboacións migrantes. A solución non é construír muros arredor dos estados. Os enfoques con máis futuro parecen ser os esforzos de colaboración realizados polos países de orixe, tránsito e destino de grandes poboacións de inmigrantes para abordar as causas da migración de masas. A este



respecto, conseguiríanse grandes avances se os países máis ricos cumprisen os seus compromisos de realizar maiores investimentos nos países en desenvolvemento, xa que iso, xunto coa boa gobernanza e os esforzos de construción de capacidade nos países en desenvolvemento, axudaría a mellorar as condicións económicas deses países.

6.19 Os beneficios da migración. Os migrantes realizan importantes contribucións ao desenvolvemento económico, social e cultural das sociedades nas que se establecen. Ao mesmo tempo, os traballadores inmigrantes proporcionanlles unha importante axuda económica aos seus países de orixe, aínda que, frecuentemente, a custa dun sacrificio persoal considerable. Ademais, as remesas de cartos constitúen unha parte importante dos ingresos de divisas estranxeiras para os países exportadores de man de obra.

6.20 Os retos da migración. A integración das comunidades de inmigrantes pode presentar unha serie de retos, entre eles as dificultades dos inmigrantes para acceder á educación e aos sistemas de servizos sociais, así como a superación dos problemas de vivenda e oportunidades de traballo, as barreiras para chegar a ser cidadáns de pleno dereito e a experiencia do racismo. Non obstante, a integración das poboacións de inmigrantes musulmáns en Estados Unidos e Europa presenta retos especiais, sobre todo dende os sucesos de 2001. Estas poboacións, que na actualidade empezaron a sufrir máis discriminación en Europa e en Estados Unidos, senten cada vez máis temor ante a usurpación das liberdades civís fundamentais. Non obstante, as dificultades ás que se enfrontan os inmigrantes musulmáns son máis acusadas en Europa ca en Estados Unidos. De feito, os inmigrantes musulmáns que residen en Estados Unidos adoitan ter unha educación de máis alto nivel e unha mellor situación económica que os estadounidenses non musulmáns¹³.

¹³ Véxase o Proxecto sobre os musulmáns na praza pública (Proxecto MAPS) da Universidade de Georgetown, e Nimer, Mohamed, The North American Muslim Resource Guide: Muslim Community Life in the United States and Canada, Nova York, NY, Routledge, 2002, onde poden consultarse os datos sobre niveis de ingresos



6.21 A loita contra a discriminación. Déronse importantes pasos cara ao desenvolvemento e aplicación de políticas que faciliten a integración das comunidades de inmigrantes na vida da sociedade mediante a adopción, en 1997, da Estratexia europea para o emprego, que pretende eliminar as barreiras ao emprego dos traballadores migrantes e das minorías étnicas, e mediante a creación do Observatorio Europeo contra o Racismo e a Xenofobia (EUMC). Estas experiencias deberán estenderse e ampliarse máis alá do contexto europeo.

6.22 Apoio dun diálogo máis amplo e integrador a todos os niveis. A creación de estratexias de integración coherentes esixe o diálogo frecuente entre os representantes do goberno e as comunidades de inmigrantes, os representantes da sociedade civil, as organizacións relixiosas e os empregadores, traballando dende o nivel local, rexional, nacional e internacional. Se ben o compromiso informal e *ad hoc* é valioso, as estruturas institucionais que apoian o diálogo sobre unha base regular e continua poden garantir a eficacia destes enfoques na promoción dunha maior integración. Estes esforzos axudan a lograr o equilibrio entre as demandas de integración e a necesidade de conservar a propia identidade relixiosa e cultural.

6.23 Liderado. Os líderes políticos da sociedade civil e os relixiosos de Occidente poden contribuír a elevar o ton no que deberán desenvolverse os debates sobre a inmigración pronunciándose publicamente e de forma convincente en defensa dos dereitos dos inmigrantes onde queira que estean en perigo e mediante o recoñecemento das contribucións destes á vida e á economía das súas comunidades.

Medios de comunicación

6.24 Como forman os medios de comunicación as nosas opinións. Os medios de comunicación, en todas as súas formas, poden servir de ponte entre culturas e sociedades. O obxectivo dos medios de comunicación ao que frecuentemente se

e educación dos inmigrantes de Estados Unidos procedentes de rexións de maioría musulmá.



alude é informar e educar telespectadores e lectores. Non obstante, algunhas das presións máis fortes do mundo actual —control político e forzas do mercado— obstaculizan a produción de noticias de calidade e programas de entretemento que presenten unha visión equilibrada das culturas estranxeiras. O maior acceso das poboacións musulmás ás noticias producidas por fontes musulmás elevou o nivel de coñecemento xeral dos sucesos de Palestina, Iraq e Afganistán. As noticias que destacan a persecución dos correligionarios musulmáns fomentan a simpatía e solidariedade populares. En Occidente fíxose evidente un ton sensiblemente máis nacionalista e, en ocasións, antimusulmán en noticias e comentarios, especialmente dende os sucesos do 11 de setembro de 2001.

6.25 Liberdade e responsabilidade da prensa. En moitos países, o periodismo carece de falta de liberdade de prensa; alí onde existe a devandita liberdade, as forzas do mercado e os sentimentos nacionalistas a miúdo dan lugar ao exercicio irresponsable destas liberdades. Requírese unha información obxectiva e a presentación de diversas perspectivas para impedir que os estereotipos e as terxiversacións obstrúan o fluxo de información fiable.

6.26 O impacto dos medios de entretemento. Os medios de entretemento tamén alimentan as percepcións hostís¹⁴. Existe unha urxente necesidade de imaxes equilibradas de musulmáns normais nos medios de comunicación occidentais. Con todo, están a aparecer sinais positivos que indican que, dende o 11 de setembro de 2001, os musulmáns que viven en Occidente están a participar de forma máis activa en Hollywood e en producións cinematográficas europeas, co fin de crear representacións máis fieis de si mesmos e da súa fe.

6.27 Internet e a revolución dixital. Paralelamente a estas tendencias en Occidente e no mundo musulmán xurdiron os "novos medios". Internet e o desenvolvemento da

¹⁴ Un estudo sobre 900 películas estadounidenses con personaxes árabes revelou que a inmensa maioría eran caricaturas sumamente ordinarias ou racistas. Véxase Shaheen, Jack G., *Reel Bad Arabs: How Hollywood Villifies a People*. Olive Branch Press, Nova York, NY, 2001.



producción e distribución dos medios dixitais abriron novas canles para que os consumidores dos devanditos medios se convertan nos seus produtores e difusores, e proporcionaron formas de aumentar enormemente a comunicación directa entre as persoas. Aínda que internet poida utilizarse con fins destrutivos, tamén ten unha ampla gama de aplicacións positivas: o seu carácter aberto convértea nunha rede perfecta para a interacción social e nun foro excepcional para intercambiar ideas e información. Neste sentido, internet constitúe un mecanismo eficaz para superar diferenzas culturais e relixiosas, conectando entre si activistas capaces de promover o diálogo e o entendemento.



VII. RECOMENDACIÓN

As recomendacións contidas na presente sección teñen como destinatarios o sistema das Nacións Unidas, os estados —incluídos os seus parlamentos e gobernos de todos os niveis (nacional, rexional, local e municipal)—, as organizacións intergubernamentais, as organizacións non gubernamentais e a sociedade en xeral. Formuláronse tendo en conta as numerosas iniciativas e esforzos que xa están en marcha nestes ámbitos. Para promover a súa aplicación, é indispensable desenvolver acordos de asociación no marco da Alianza de Civilizacións, tal como se indica no apartado 5.18.

Educación

Dado que no ámbito da educación existen xa numerosas actividades relacionadas cos obxectivos da alianza, as recomendacións a este respecto están dirixidas, máis que á iniciación de novas actividades, á adaptación e expansión dos esforzos xa en marcha.

1. Os gobernos, as institucións multilaterais, as universidades, os expertos en educación e os responsables da formulación de políticas deberán traballar, por separado e conxuntamente, cara a difundir unha educación global, intercultural e que promova os dereitos humanos.

É preciso adoptar as seguintes medidas:

- a. Os gobernos deberán garantir que o ensino primario e secundario proporcione unha educación que equilibre e integre a historia e a formación da identidade nacional co coñecemento doutras culturas, relixións e rexións.
- b. Os organismos especializados, como a UNESCO e a ISESCO,



deberán colaborar cos centros de investigación en educación e os responsables da elaboración de currículos a escala rexional co fin de adaptar os recursos existentes neste ámbito (como as series sobre Historia da Humanidade e o Proxecto sobre Historias Rexionais) para a súa utilización práctica nas aulas e de elaborar e aplicar unha estratexia de difusión e aproveitamento dos devanditos recursos polos estados membros.

c. Igualmente, é preciso desenvolver unha estratexia para a difusión do material educativo sobre dereitos humanos, partindo do labor xa realizado pola UNESCO e a ISESCO e das iniciativas de probado éxito, tales como o *Manual de educación en dereitos humanos* da Rede de Seguridade Humana.

d. Os doadores públicos e privados deberán conceder bolsas de investigación e fondos para conferencias e intercambios interrexionais a centros de formación de profesorado nos que especialistas en historia e xeografía universal desenvolvan contidos e recursos pedagóxicos do currículo de Historia Universal.

e. Os doadores públicos e privados deberán prestarlles o seu apoio ás institucións de estudos especializados para que reediten aquelas partes do legado islámico que tratan do pluralismo, a racionalidade e o método científico e as fagan accesibles en internet en diversas linguas.

f. Os doadores públicos e privados deberán prestarlles o seu apoio aos esforzos educativos dirixidos ao conxunto da sociedade, tanto en Occidente como en países maioritariamente musulmáns, mediante o financiamento de manifestacións artísticas, festivais cinematográficos, viaxes educativas e conferencias especializadas/educativas que contribúan a difundir a riqueza das distintas culturas e a resaltar a importancia da interacción entre elas.

g. Crearase un fondo conxunto dos sectores público e privado co fin de



lles prestar apoio aos especialistas que orientan a súa actividade ao ensino e investigación do diálogo e o entendemento intercultural.

2. É necesario introducir nas escolas, especialmente no ensino secundario, programas de formación sobre os medios de comunicación para contribuír a fomentar unha actitude lúcida e crítica por parte dos consumidores dos devanditos medios cara á cobertura informativa destes.

Un punto de partida útil poderían ser proxectos como a iniciativa da Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa, dirixida a promover a sensibilización cara aos medios e o coñecemento de internet co obxecto de combater as falsas percepcións, os prexuízos e a linguaxe de incitación ao odio.

3. Os líderes relixiosos, os responsables das políticas educativas e as organizacións cívicas interrelixiosas deberán unir os seus esforzos na elaboración de directrices consensuadas para o ensino da relixión.

Existen distintas iniciativas interrelixiosas importantes a escala internacional e numerosos centros de política educativa que están a investigar modelos para o ensino da relixión nas escolas¹⁵. Os que participan actualmente nestes esforzos deberán colaborar para que líderes relixiosos e educadores cheguen a un consenso sobre a necesidade de impartir ensinanzas sobre as distintas relixións do mundo en distintos marcos educativos, así como de solicitar e difundir mellores prácticas, directrices consensuadas e recursos educativos para tal efecto. O obxectivo último sería proporcionar materiais básicos que poidan ser utilizados polas escolas e polos centros de formación relixiosa no ensino das principais crenzas. Deberán articularse as directrices e mecanismos adecuados para garantir que as escolas relixiosas estean rexistradas ante as autoridades e que os seus currículos non fomentan o odio cara a outras comunidades. Por outra banda, non deberían adoptarse medidas

¹⁵ A lista incluíría, entre outros, a Comisión Tripartita, a Rede TRES en Europa, Relixións para a Paz Mundial, e o Instituto Internacional de Educación.



neste sentido que puidesen restrinxir a liberdade de ensino ou a liberdade de culto.

4. Os gobernos e as organizacións internacionais deberán cooperar na creación de comités de revisión dos currículos integrados por expertos neste ámbito e por representantes das principais tradicións relixiosas, co fin de que analicen os currículos educativos máis difundidos e se aseguren de que cumpren os criterios de equidade, rigor e equilibrio na explicación das distintas crenzas relixiosas e de que non denigran a ningunha delas nin aos seus seguidores.

Estableceríase un mecanismo recíproco de revisión que desenvolvese criterios de equidade, rigor e equilibrio no ensino doutras relixións e culturas, que garantise a súa aplicación coherente nas distintas rexións, e que instase os países a traballar xuntos detrás destes obxectivos nos seus sistemas educativos.

5. Os estados membros e as organizacións multilaterais, como a Organización da Conferencia Islámica e a Unión Europea, deberán unir os seus esforzos para aplicar medidas educativas que reforcen a tolerancia e o respecto interculturais, a participación cívica e o compromiso social.

Sería preciso adoptar as medidas seguintes:

a. Difusión de material educativo a través de redes de educadores, iniciativas de formación de profesorado e mediante a convocatoria de xestores de currículos. Entre outro material valioso, distribuiranse os materiais e programas didácticos da UNESCO, como a rede do Plan de escolas asociadas (rede PEA), Cultura de democracia, Distintos aspectos da cultura islámica, A tolerancia: límite da paz, e Culturas de paz.

b. Identificación e financiamento de actividades que promovan a cidadanía responsable de mozos e adultos e que fomenten a participación democrática, incluídos os currículos escolares habituais, os programas



extraescolares e as asociacións cívicas. Estes programas deberán contemplar a educación en dereitos humanos e estado de dereito e desenvolver materiais didácticos para a alfabetización en medios de comunicación como baluarte contra a radicalización facendo uso dos devanditos medios.

c. Aproveitamento das aptitudes de mozos e adultos en accións sociais construtivas, como programas de aprendizaxe para o servizo á comunidade e posta en marcha de compoñentes deste tipo de aprendizaxe vinculados a programas sancionados con diplomas ou certificados.

6. Os gobernos, xunto coas organizacións internacionais, as administracións e as empresas tecnolóxicas, deberán cooperar para ampliar o acceso a internet, prestándolles especial atención aos países maioritariamente musulmáns.

A Organización da Conferencia Islámica (OCI) debería tomar a iniciativa fixando para os seus estados membros un obxectivo ambicioso, pero posible (a saber, que en 2020 cada aula de ensino primario, secundario e universitario do mundo musulmán dispoña de ordenadores con acceso a internet) e reunindo as empresas tecnolóxicas, investidores e demais socios que poidan contribuír ao logro deste obxectivo. Deberá consultarse aos principais responsables da execución dos programas piloto existentes neste eido e a empresas de tecnoloxía con programas en países en desenvolvemento, e as leccións extraídas deberán transmitirse a través da OCI aos gobernos de cada un dos seus estados membros. A OCI tamén deberá cooperar co Foro de Goberno de Internet, creado tras o Cumio Mundial da Sociedade da Información celebrado en Tunisia, para desenvolver vías que aceleren a dispoñibilidade de internet nos países musulmáns a prezos alcanzables. Ademais, deberá tamén fomentarse a colaboración con programas como a iniciativa "Un ordenador portátil por neno", que pretende mellorar as posibilidades de aprendizaxe de millóns de nenos dos países en desenvolvemento.



7. É preciso que os gobernos recuperen os enfoques integradores en materia de educación, como parte da reforma educativa.

Moitos dos esforzos dirixidos á reforma educativa nos países en desenvolvemento fixeron especial fincapé na educación técnica e eminentemente práctica como vía para lles poñer couto ás altas taxas de desemprego. Sen deixar de valorar os aspectos positivos desta tendencia, nalgúns casos a vinculación estrita da educación ao posto de traballo fixo minguar a atención prestada ás humanidades e ciencias sociais e limitou a dispoñibilidade de formación nestas áreas en numerosos países en desenvolvemento. É imprescindible unha educación integradora e equilibrada para desenvolver o pensamento crítico e as capacidades interpretativas e adaptativas necesarias nun mundo caracterizado por unha complexidade e diversidade crecentes. Por iso, os esforzos dirixidos á reforma educativa deben buscar o equilibrio nos contidos educativos, especialmente na escola primaria e secundaria.

A mocidade

1. Crearase unha alianza global da xuventude como mecanismo para que os mozos poidan contribuír á aplicación de todas as recomendacións contidas no presente informe (e non só as que figuran baixo a epígrafe "A mocidade").

Co apoio dun Fondo Global de Solidariedade da Xuventude, esta iniciativa podería comezar coa convocatoria e mobilización de distintas redes e asociacións xuvenís, co fin de promover o diálogo, a alianza e unha cultura da paz. Estas organizacións xa se puxeron a traballar xuntas na organización de reunións nas que mozos de distintas procedencias terán a posibilidade de establecer un programa de acción que despois lles presentarán aos dirixentes mundiais para solicitar o seu apoio e axuda. Ademais levouse a cabo un estudo no que se identificaron 468 organizacións xuvenís de 125 países que poderían participar na aplicación.



2. Os Estados Unidos, a Unión Europea e a Organización da Conferencia Islámica deberán fixarse como obxectivo común levar o número de intercambios de mozos que se producen entre os seus países respectivos dos últimos aos primeiros lugares da lista de intercambios interrexionais. Deberán considerarse prioritarios os intercambios para estadias prolongadas, os intercambios de grupos e os intercambios abondo subvencionados como para permitir a participación de estratos da sociedade distintos das elites.

Deberán ampliarse os programas de éxito contrastado, co fin de adaptarse a esta prioridade. Así, ampliaríanse o programa Erasmus e a rede Universia para incluír os países maioritariamente musulmáns; o programa Euromed Xuventude expandiríase máis alá da rexión mediterránea máis próxima co fin de incluír a todos os países de Europa e Oriente Medio; e o Programa do corpo de paz estadounidense incrementaría as súas operacións en países maioritariamente musulmáns. A medida que máis gobernos lles dean o seu apoio aos intercambios, haberá máis doadores privados que sigan o seu exemplo. Para garantir que a cantidade de intercambios non redunde en prexuízo da súa calidade, algúns destes recursos deberán destinarse aos seguintes obxectivos complementarios:

- a. Aumento do apoio estrutural prestado polas universidades e outras institucións que actúan como anfitrías dos devanditos intercambios.
- b. Formación de facilitadores de intercambios xuvenís por organizacións da sociedade civil con experiencia nos principios de educación e aprendizaxe non formais.
- c. Obtención e difusión dos resultados de investigacións sobre os enfoques pedagóxicos necesarios para o éxito dos intercambios. Poderían cooperar, para tal efecto, a Comisión Europea, a Fundación Euromediterránea Anna Lindh e as organizacións non gobernamentais que inclúan no seu ámbito de acción un compoñente de práctica e un



compoñente de investigación.

3. Os líderes relixiosos e os activistas da sociedade civil deberán establecer unha rede de sitios web para conectar os mozos con expertos relixiosos que poidan dirixirse a eles de xeito construtivo sobre os desafíos aos que hoxe se enfrenta a xuventude.

Os devanditos sitios poderían acoller grupos de debate dirixidos por expertos relixiosos, facilitar interpretacións da historia e das escrituras relixiosas que poñan en tea de xuízo os enfoques reduccionistas, promover ideas e mecanismos para que os mozos participen nas súas comunidades e ofrecer vínculos con redes de apoio á xuventude. Aínda que isto podería implicar a creación de novos sitios web, debería comezarse por poñer en contacto os directores de sitios xa existentes, como Beliefnet, Islam-Online e MuslimHeritage, cos grupos da sociedade civil e os líderes relixiosos implicados, co fin de establecer criterios para a participación na rede e elaborar estratexias para chegar á mocidade en situación de risco.

4. Os doadores públicos e privados das sociedades musulmá e occidental deberán traballar unidos na creación dun fondo cultural e servizo de redes para poñer en contacto a mozos artistas, escritores, músicos, cineastas, etc. musulmáns cos seus homólogos e con directivos da industria da cultura de Occidente.

O obxectivo sería facilitar a difusión a outras sociedades da cultura musulmá contemporánea e, simultaneamente, promover a causa do diálogo e o entendemento.

5. É necesario crear unha coalición das partes interesadas co fin de deseñar unha estratexia de emprego xuvenil consensuada. Deberíase establecer e apoiar unha coalición de organismos multilaterais e de organizacións da sociedade civil con experiencia na promoción do emprego xuvenil, que se encargaría de dirixir iniciativas piloto de ampla base neste ámbito, especialmente nos países nos que o



desemprego e a alienación da mocidade constitúe un grave problema.

As consultas neste sentido coa Rede de Emprego Xuvenil¹⁶ e coas organizacións non gobernamentais indican que esta iniciativa sería ben acollida e que os modelos de "portelo único" en relación co emprego xuvenil (incluídos formación laboral, confección de historial profesional e preparación de entrevistas de traballo, busca de emprego e colocación, asesoramento profesional, e ata financiamento con microcréditos) tiveron éxito a escala nacional.

6. As axencias de doadores públicos e privados deberían dar o seu apoio a asociacións, redes e organizacións de rapazas e mulleres novas que fomenten a educación das mozas, desenvolvan plataformas para a participación das mulleres en todos os aspectos da sociedade ou leven a cabo outros proxectos que melloren a situación da muller.

En moitos lugares do mundo os avances cara á igualdade de xénero son exasperantemente lentos. O setenta por cento dos 130 millóns de nenos que están sen escolarizar é do sexo feminino. As mulleres representan dous terzos dos 960 millóns de adultos que non saben ler e, dos mil millóns de persoas máis pobres do mundo, tres quintas partes son mulleres e nenas¹⁷. As iniciativas a escala local, rexional e nacional poden axudar a equilibrar a balanza. En particular, o apoio ás organizacións da sociedade civil que se propoñen crear mellores oportunidades para a aprendizaxe, máis posibilidades de emprego e mellores condicións de vida para as mulleres pode ser de grande axuda para resolver estas inxustizas.

Migración

As recomendacións neste ámbito fórmulanse no ben entendido de que os gobernos

¹⁶ A Rede de Emprego Xuvenil é unha iniciativa conxunta das Nacións Unidas, o Banco Mundial e a Organización Internacional do Traballo.

¹⁷ Informe anual de 2005 do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento.



con poboacións inmigrantes importantes xa están a traballar seriamente para facilitar a súa integración. As recomendacións aquí contidas son o froito dos debates celebrados e a súa finalidade é darlles apoio aos esforzos que xa están en marcha neste sentido. O éxito da integración vese favorecido por iniciativas como o *Manual para o establecemento de políticas de migración laboral efectivas nos países de orixe e de destino*¹⁸ e o Foro Mundial sobre Migración e Desenvolvemento proposto polo secretario xeral das Nacións Unidas coincidindo coa elaboración do presente informe.

1. Os gobernos con poboacións inmigrantes importantes deberán incrementar os incentivos, os mecanismos de apoio e o financiamento das escolas e das asociacións que colaboran con estas para promover a participación dos estudantes nos programas de aprendizaxe ao servizo da comunidade e de educación cívica.

2. Os gobernos municipais e as fundacións locais deberán intensificar o seu apoio á creación de organizacións comunitarias de mozos.

Ambos os dous programas contribúen a situar a mocidade inmigrante nas comunidades máis amplas fóra da escola e proporcionan experiencia directa sobre interacción social e activismo cívico con outros mozos, o que pode axudar a reducir os sentimentos de alienación.

3. Os doadores públicos e privados deberán incrementar o financiamento das institucións da sociedade civil que traballan coas comunidades de inmigrantes para a creación de mecanismos de apoio que promovan unha maior implicación dos pais na escola, e das institucións que proporcionan información e educación de cara a aumentar a capacitación das comunidades de inmigrantes.

Estes mecanismos abordarían os obstáculos (como o idioma, dificultades e carestía

¹⁸ Elaborado conxuntamente pola Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa, a Organización Internacional para as Migracións e a Organización Internacional do Traballo.



do transporte, falta de tempo fóra do traballo e as tarefas domésticas e falta de experiencia na participación dos proxenitores na escola) que a miúdo limitan ou impiden a participación dos pais na escola. Estes esforzos poderían contribuír substancialmente a reducir a alienación social da mocidade inmigrante, minimizando a súa experiencia de vivir en "dous mundos diferentes": un habitado polas súas familias, en especial os seus proxenitores, e outro, polos seus compañeiros e profesores do colexio. O desenvolvemento de programas de asesoramento que axuden as persoa inmigrantes a comprender mellor as normas xurídicas, os costumes e as vías de participación na sociedade facilitarían, en boa medida, a integración. De igual modo, sería útil a creación dun sistema de alerta multilingüe que informase os inmigrantes dos cambios legislativos que lles afecten.

4. A Unión Europea deberá cooperar cos estados membros para uniformar e integrar en todo o continente a recollida de datos sobre o acceso dos inmigrantes ao mercado de traballo e da vivenda, así como aos servizos sanitarios, sociais, educativos e outros servizos comunitarios e as súas experiencias nese sentido.

A dispoñibilidade dos devanditos datos permitiríalles ao Observatorio Europeo do Racismo e a Xenofobia (EUMC), a outras institucións de investigación similares e aos gobernos facer un seguimento dos avances na loita contra a discriminación das comunidades de inmigrantes. Isto, pola súa vez, axudaría a identificar as políticas e iniciativas de gobernos, empresas e institucións da sociedade civil que tiveron éxito na loita contra a discriminación, de forma que poidan recoñecerse (e mesmo premiarse de forma manifesta pola Unión Europea), se afonde na súa investigación, se inclúan, quizais, nos informes anuais por países e poidan copiarse noutros lugares.

5. Os doadores públicos e privados aos que lles preocupan as relacións interconfesionais e/ou a integración das persoas inmigrantes deberán incrementar o financiamento destinado a fomentar o diálogo e a organización comunitaria no seo das comunidades de inmigrantes.



Un maior apoio a estas iniciativas propiciaría a aparición nas comunidades de inmigrantes duns líderes (incluídos os líderes relixiosos) debidamente integrados nas sociedades norteamericana e europea, así como a creación de asociacións e redes que sirvan de entidades representativas para o diálogo intercultural e interconfesional con outras comunidades e cos organismos públicos.

6. Os líderes das comunidades de inmigrantes e as autoridades dos países de acollida deberán cooperar na elaboración de material (por exemplo, boletíns de internet, anuncios e circulares da Administración pública) que contribúa a promover o respecto pola diversidade e as boas relacións comunitarias.

7. As universidades e centros de investigación de Norteamérica e Europa han de ampliar as súas investigacións sobre a importante contribución, tanto de índole económica como cultural e social, que realizan as comunidades de inmigrantes á vida neses dous lugares do planeta. Deberían, así mesmo, promover as publicacións procedentes do mundo musulmán sobre unha serie de temas relacionados co mundo islámico e musulmán.

Esas investigacións poderían servir de base para os políticos e xornalistas que necesitan datos fidedignos sobre o papel esencial que desempeñan as comunidades de inmigrantes. Un liderado público claro e audible en defensa dos inmigrantes reduce o sentimento de alienación destas comunidades e permite que siga adiante o debate sobre as políticas de inmigración, e aparta, ao mesmo tempo, os fantasmas do racismo e a xenofobia que o ensombrecen. Resulta esencial realizar unha campaña nos medios de comunicación para loitar contra a discriminación a través de mensaxes continuadas sobre os inmigrantes, e destacar as vantaxes da diversidade para calquera país, ao igual que a contribución dos inmigrantes e o perigo dos estereotipos. Nesa campaña debería facerse fincapé en demandar que todas as persoas que viven nun país teñen dereito a obter servizos de calidade, protestar se son discriminadas e buscar o remedio axeitado.



8. Os gobernos teñen que participar no Foro Global sobre Migración e Desenvolvemento para intensificar a cooperación e elaborar unha formulación integrada de migración e desenvolvemento.

Este foro consultivo permitiralles aos gobernos elaborar unhas bases de entendemento comúns sobre os aspectos das políticas de migración que teñen un maior potencial para os fins do desenvolvemento. Fomentará, igualmente, unha mellor percepción das vantaxes que se derivan da inmigración para os países de acollida.



Os medios de comunicación

1. Os profesionais dos medios de comunicación deben elaborar, articular e aplicar códigos de conduta de carácter voluntario.

Non se pode sobrevalorar o poder que teñen as palabras e as imaxes para lle dar forma á nosa percepción do mundo. Os profesionais dos medios de comunicación teñen que facer un uso responsable dese poder. Neste sentido, informar con precisión é crucial, pero non suficiente. Os xornalistas e os directores dos medios teñen que estar alerta ante a repercusión que as súas opcións editoriais e as opinións implícitas nas súas noticias poden ter sobre a percepción que o público posúe de calquera asunto. Algunhas asociacións, como a Federación Internacional de Xornalistas, elaboraron normas que, non obstante, as asociacións profesionais non aplican e controlan coa coherencia e o rigor que os profesionais da medicina ou do dereito, por exemplo, lles aplican ás súas directrices profesionais e códigos de conduta. A observancia desas normas reviste especial importancia nos momentos de crise, cando se exacerban os sentimentos e os temores populares, e no tratamento da intersección entre a relixión e a política. Unha maior atención á responsabilidade da prensa non debe nin ten por que menoscabar a defensa da liberdade de prensa.

2. As escolas de periodismo interesadas deberían crear programas de formación que contribúan a ampliar a comprensión por parte dos xornalistas dos principais problemas internacionais, especialmente naqueles ámbitos nos que se solapan relixión e política, e mellorar a súa capacidade de informar o público de forma fidedigna e equilibrada.

3. As persoas máis representativas dos ámbitos académico, relixioso, político, cultural e da sociedade civil deberían proporcionarlles contidos aos medios (artigos de opinión, comentarios e declaracións en formato de vídeo ou audio) que sirvan para aumentar o entendemento intercultural, especialmente en tempos de crise.



Os defensores dun maior entendemento entre culturas e entre relixións teñen que aproveitar os momentos máis propicios para promovelos, cando son noticia as relacións entre as sociedades occidentais e as de maioría musulmá e os directores e redactores van en busca de contidos. Se se lles proporcionan aos redactores e directores de medios de todo o mundo respostas rápidas ante situacións de crise, pódese influír en dotar a poboación dunha visión construtiva ou, pola contra, polarizada sobre a importancia e o significado duns feitos determinados. A relevancia dos comentaristas, a oportunidade dos seus comentarios e a subministración do material na lingua local poden favorecer a súa utilización. Existen modelos destes sistemas que funcionaron con éxito, aínda que non a escala mundial.

4. Os doadores públicos e privados deben dedicar un maior volume de recursos á produción de medios de comunicación que teñan por obxectivo mellorar as actitudes da poboación entre as diferentes culturas.

Deberíanselles conceder máis fondos aos programas dirixidos a mellorar o entendemento entre as diferentes culturas e sociedades. Se se subvenciona a produción de programas piloto que, no caso de ter éxito, conseguirán das cadeas o seu financiamento como serie, os fondos utilizados servirán de catalizador para programas múltiples sen facer necesario un investimento a grande escala. Conviría que se considerasen prioritarios catro tipos de produción:

- a. As producións que obtivesen o apoio dunha cadea e estean a participar nun proxecto conxunto ou unha coprodución que traspase as fronteiras culturais ou relixiosas.
- b. As producións que intenten crear contidos educativos para a súa transmisión a través de formatos de entretemento innovadores e populares e/ou a súa difusión durante grandes eventos que atraian a



atención mundial (como o Mundial, os Xogos Olímpicos, etc.).

- c. As producións dirixidas á xuventude que intenten superar os estereotipos imperantes, tales como videoxogos, programas de debuxos animados ou sitios web para a mocidade que propicien un diálogo continuado e construtivo entre as distintas culturas e crenzas.
- d. A produción de series de televisión en varias linguas que aborden os aspectos históricos, sociais e psicolóxicos das relacións entre as sociedades co obxecto de fomentar o entendemento mutuo.

5. Deberíaselles prestar alento e apoio aos representantes da sociedade civil e dos medios de comunicación de masas que comparten un interese polo impacto da televisión e do cinema nas relacións interculturais para que produzan películas e outros contidos dirixidos a mellorar o entendemento entre as culturas.

É preciso apoiar os produtores e guionistas (en especial, aínda que non exclusivamente, os de Hollywood), ademais dos actores da sociedade civil e dos investigadores do campo da saúde pública, para que traballen xuntos nunha estimación da influencia que teñen o cinema e a televisión sobre as actitudes e as condutas e para que retraten con maior frecuencia a musulmáns normais e a outras comunidades infrarrepresentadas ou que sexan vítima de estereotipos negativos nos medios populares¹⁹.

6. Os gobernos, as organizacións dos medios de comunicación e a sociedade civil teñen que colaborar para elaborar programas que promovan o uso de internet como instrumento do diálogo intercultural.

Internet é unha ferramenta informativa clave, que lles abre a porta aos medios de

¹⁹ O Instituto Leste-Oeste e a Escola de Saúde Pública de Harvard están a traballar xa nesta dirección e cabe esperar que prosigan nesa liña.



todo o mundo e a unha ampla gama de recursos. De aí que, na nosa opinión, resulte decisivo ampliar considerablemente o acceso a internet (véxase a recomendación número 6 en materia educativa). Pero de internet pode tamén abusarse difundindo estereotipos raciais e opinións intolerantes que inciten ao odio e á violencia. Para contrarrestar este fenómeno han de fomentarse de xeito activo todas aquelas iniciativas que utilicen internet como ferramenta para o diálogo e o entendemento intercultural.

7. Debería lanzarse unha iniciativa, baseada na colaboración e a reciprocidade, de seguimento da cobertura mediática das relacións entre os mundos islámico e occidental para realizar unha revisión exhaustiva dos medios e premiar os esforzos encamiñados a mellorar a cobertura das relacións entre as sociedades musulmás e occidentais.

As revisións críticas mutuas e a concesión de premios por unha coalición amplamente representativa das axencias encargadas dese seguimento, como as creadas pola Unión Europea, a Organización da Conferencia Islámica e algunhas organizacións da sociedade civil, xerarían un perfil público máis visible e unha maior lexitimidade que os esforzos individuais que se centran nos medios dunha única comunidade.

8. Os doadores públicos e privados deberían crear un "fondo de risco" para contrarrestar as forzas do mercado que fomentan os medios e materiais culturais sensacionalistas e estereotipados.

As salas de cinema e de teatro, museos, editoriais e outras entidades culturais deben ter acceso a un fondo que contribúa a aseguralos contra o risco de perdas cando decidan exhibir películas, obras e outros produtos culturais que humanicen e normalicen as opinións da poboación occidental sobre as sociedades de maioría musulmá e as destas últimas sobre os occidentais. Un bo exemplo sería contar nos países occidentais a historia de mulleres musulmás célebres, exhibir no mundo



musulmán historias de xudeus famosos pola súa defensa dos dereitos humanos e a xustiza social, ou os clásicos da literatura musulmá e occidental que contrarrestan os estereotipos imperantes.

9. A Alianza de Civilizacións debería aproveitar os grandes eventos mediáticos, culturais e deportivos para promover os seus obxectivos.

Será máis difícil lograr os obxectivos da Alianza de Civilizacións se se restrinxen aos estados e ás organizacións internacionais. Resulta vital mobilizar a opinión pública internacional. Os eventos culturais e deportivos ofrecen unha oportunidade excepcional para chegar a públicos máis numerosos. Por iso, é aconsellable aproveitar a ocasión que representan eses eventos para promover os obxectivos da Alianza de Civilizacións.

VIII. EXECUCIÓN DAS RECOMENDACIÓNS

As recomendacións contidas neste informe constitúen o contido principal do plan de acción solicitado polo secretario xeral da ONU no mandato que estableceu para o Grupo de Alto Nivel. Tomando como base a reacción tan positiva á Alianza de Civilizacións que se recibiu xa de distintos gobernos, institucións multilaterais e representantes da sociedade civil²⁰, o Grupo de Alto Nivel espera contar cun apoio e un interese considerables por parte desas instancias para a promoción destas recomendacións. Algunhas destas últimas propuxéronse a sabendas de que xa se están a levar á práctica ou proxectando iniciativas semellantes. Para lograr o máximo proveito destes esforzos, aumentar o seu impacto colectivo e tomar impulso para a execución das recomendacións contidas neste informe, suxerimos que as Nacións Unidas tomen as seguintes medidas:

²⁰ No sitio web da Alianza de Civilizacións poden verse as expresións de apoio recibidas de estados, organizacións internacionais e organizacións da sociedade civil.



1. O secretario xeral da ONU debería nomear un alto representante para a Alianza de Civilizacións encargado de supervisar a execución das recomendacións contidas neste informe e de asegurar a visibilidade e a continuidade da alianza. O alto representante podería, así mesmo, estar a disposición do secretario xeral da ONU para axudar a desactivar as tensións relixiosas e culturais entre as comunidades en momentos de crise. Un grupo de persoas eminentes prestaríalle asistencia ao alto representante no cumprimento das devanditas funcións.

2. Deberíase crear unha reducida oficina de apoio ao alto representante. A primeira tarefa desa oficina sería elaborar un plan detallado de execución para levar á práctica as recomendacións do presente informe. Este plan debería incluír:
 - a) O establecemento de relacións de asociación e de acordos con diversas institucións públicas e privadas a escala internacional, nacional e local co fin de levar xuntos á práctica proxectos específicos.

 - b) A participación nas principais conferencias e reunións xa programadas para os anos próximos, que ofrecerán a ocasión de desenvolver, reforzar e darlles publicidade ás distintas iniciativas e actividades da Alianza de Civilizacións²¹.

3. Debería crearse un foro para a Alianza de Civilizacións baixo os auspicios da ONU que proporcione un lugar de encontro habitual para os representantes dos gobernos, as organizacións internacionais, a sociedade civil e o sector privado, co obxecto de crear asociacións e expresar compromisos de acción.

²¹ Pode atoparse unha lista provisional destes eventos no sitio web da Alianza de Civilizacións (www.unaoc.org).



4. Deberían fomentarse e promoverse consellos autónomos da alianza a escala nacional, rexional e/ou local co fin de garantir unha participación e implicación xeneralizadas da sociedade civil. Estes órganos actuarían como enlaces para a execución e coordinación das actividades relacionadas coa Alianza de Civilizacións.
5. Debería estudarse a inclusión dun novo punto, relativo á Alianza de Civilizacións, na orde do día do 62 período de sesións da Asemblea Xeral das Nacións Unidas.
6. Debería crearse un fondo da Alianza de Civilizacións para apoiar a cooperación mundial sobre cuestións interculturais e promover iniciativas encamiñadas a fomentar o diálogo e tender pontes entre as comunidades.
7. O sitio web da Alianza de Civilizacións (www.unaoc.org) debe ampliarse e converterse nunha ferramenta esencial para a promoción do diálogo intercultural.



ANEXO 1: MANDATO DO GRUPO DE ALTO NIVEL

25 de agosto de 2005

O secretario xeral das Nacións Unidas lanzou unha iniciativa, copatrocinada polos presidentes dos gobernos de España e Turquía, para unha Alianza de Civilizacións.

Contexto

- A iniciativa responde a un amplo consenso entre as nacións, as culturas e as relixións de que todas as sociedades son interdependentes, están unidas entre si no seu desenvolvemento e seguridade e no seu benestar ambiental, económico e financeiro. A alianza trata de forxar unha vontade política colectiva e mobilizar unha acción concertada nos eidos institucional e da sociedade civil para superar os prexuízos, os erros de percepción e a polarización que militan contra ese consenso, e espera contribuír á creación dun movemento global que, reflectindo a vontade da gran maioría da poboación, rexeite o extremismo en calquera sociedade.
- Os acontecementos dos últimos anos exacerbaron a desconfianza, o temor e a falta de entendemento mutuo entre as sociedades islámicas e occidentais. Este ambiente foi explotado polos extremistas en todo o mundo. Unicamente unha coalición global será capaz de evitar unha maior deterioración das relacións entre as sociedades e as nacións, que ameazaría a estabilidade internacional. A Alianza de Civilizacións trata de contrarrestar esta tendencia establecendo un paradigma de respecto mutuo entre civilizacións e culturas.

Grupo de Alto Nivel

- Co fin de guiar esta iniciativa, o secretario xeral, mediante consultas cos



copatrocinadores, estableceu un Grupo de Alto Nivel de persoas eminentes cos seguintes obxectivos:

- Ofrecer unha valoración das ameazas novas e emerxentes para a paz e a seguridade internacionais, en particular, as forzas políticas, sociais e relixiosas que fomentan o extremismo.
 - Identificar accións colectivas, tanto no ámbito institucional como no ámbito da sociedade civil, para abordar esas tendencias.
 - Recomendar un programa de acción practicable para os estados, as organizacións internacionais e a sociedade civil encamiñado a promover a harmonía entre as sociedades.
- Con esta finalidade, o Grupo de Alto Nivel estudará estratexias prácticas para:
 - Reforzar o entendemento mutuo, o respecto e os valores compartidos entre os diferentes pobos, culturas e civilizacións.
 - Contrarrestar a influencia dos grupos que fomentan o extremismo e a exclusión dos que non comparten as súas visións do mundo.
 - Contrarrestar a ameaza contra a paz e a estabilidade mundiais que supón o extremismo.
 - Fomentar en todas as sociedades a conciencia de que a seguridade é indivisible e de que é unha necesidade vital para todos, e de que a cooperación global é un requisito previo indispensable para a seguridade, a estabilidade e o desenvolvemento.



- O Grupo de Alto Nivel presentará un informe que conteña unha análise e un programa de acción para os estados, as organizacións internacionais e a sociedade civil con medidas practicas encamiñadas, entre outras cousas, a:
 - Facer fincapé na importancia do entendemento mutuo e propoñer mecanismos específicos para fomentar entre eles, pero non exclusivamente, o desenvolvemento de mellores marcos de cooperación internacional e a utilización dos medios de comunicación (incluída internet) para fomentar e encadrar os debates públicos de maneira construtiva.
 - Cultivar a cooperación entre as iniciativas actuais encamiñadas a permitir que sexan os que forman a maioría principal —que son abafantemente moderados e rexeitan as opinións dos extremistas— os que marquen a axenda.
 - Establecer asociacións que axuden as diversas sociedades a entender mellor as súas diferenzas, ao mesmo tempo que se recalca o que teñen en común e se actúa sobre iso.
 - Propoñer medidas mediante as cales os sistemas educativos poidan fomentar o coñecemento e o entendemento doutras culturas e relixións.
 - Tenderlle a man á xuventude do mundo, co fin de inculcar os valores de moderación e cooperación e promover a apreciación da diversidade.
 - Promover a conciencia de que a seguridade, a estabilidade e o desenvolvemento son necesidades vitais para todos e de que é necesaria a cooperación global para conseguilas, e presentar propostas prácticas para promover a seguridade mutua.
- O Grupo de Alto Nivel presentaralle o seu informe na segunda metade de



2006 ao secretario xeral, quen determinará, en consulta cos copatrocinadores, o xeito apropiado de lle presentar o programa de acción á comunidade internacional. A continuación, un grupo máis reducido de parecido nivel podería supervisar a aplicación do programa.

Estrutura de apoio

- Unha secretaría dirixida por un director experimentado elaborará estudos, análise e propostas para o seu estudo polo Grupo de Alto Nivel. Tamén cooperará con iniciativas similares e utilizará o traballo realizado ou en curso noutros foros.



ANEXO 2: MEMBROS DO GRUPO DE ALTO NIVEL

Copatrocinadores		
1.	Prof. Mehmet Aydin (Turquía) Copresidente	Ministro de Estado de Turquía e profesor de Filosofía
2.	Prof. Federico Mayor (España) Copresidente	Presidente da Fundación Cultura de Paz e ex-director xeral da UNESCO
Oriente Medio		
3.	Seyed Mohammed Khatami (Irán)	Ex-presidente de Irán
4.	A súa Alteza Sheikha Mozah (Qatar)	Consorte do emir de Qatar e presidenta da Fundación Qatarí para a Educación, a Ciencia e o Desenvolvemento da Comunidade
5.	Dr. Ismail Serageldin (Exipto)	Presidente da Biblioteca Alejandrina
Norte de África		
6.	Dr. Mohammed Charfi (Tinia)	Ex-ministro de Educación de Tunisia
7.	Sr. André Azoulay (Marrocos)	Conselleiro da S.M. o rei Mohammed VI de Marrocos
África occidental		
8.	Sr. Moustapha Niasse (Senegal)	Ex-primeiro ministro de Senegal
África del Sur		
9.	Arcebispo Desmond Tutu (República de Sudáfrica)	Arcebispo de Cidade do Cabo
Europa occidental		
10.	Sr. Hubert Vedrine (Francia)	Ex-ministro de Asuntos Exteriores, Francia
11.	Sra. Karen Armstrong (Reino Unido)	Historiadora das relixións
Europa oriental		
12.	Prof. Vitaly Naumkin (Rusia)	Presidente do Centro Internacional e Cátedra de Estudos Estratéxicos e Políticos, Universidade Pública de Moscova
América do Norte		
13.	Prof. John Esposito (Estados Unidos)	Director e Fundador do Centro Príncipe Al-Waleed bin-Talal para o entendemento entre musulmáns e cristiáns (Universidade de Georgetown) e director editorial da Enciclopedia Oxford del Mundo Islámico
14.	Rabino Arthur Schneier (Estados Unidos)	Presidente da Fundación Apelación á Conciencia. Rabino xefe da sinagoga de East Park
América Latina		
15.	Sr. Enrique Iglesias (Uruguai)	Secretario xeral da Conferencia Iberoamericana e ex-presidente do Banco Interamericano de Desenvolvemento
16.	Prof. Candido Mendes (Brasil)	Secretario xeral da Academia da Latinidade
Asia meridional		
17.	Dr. Nafis Sadik (Paquistán)	Conselleiro especial do secretario xeral das Nacións Unidas
18.	Sra. Shobhana Bhartia (India)	Deputada do Parlamento indio; vicepresidenta e redactora xefa do <i>The Hindustan Estafes</i> , Nova Delhi
Sueste asiático		
19.	Sr. Ali Alatas (Indonesia)	Ex-ministro de Asuntos Exteriores de Indonesia
Asia oriental		
20.	Prof. Pan Guang (China)	Director e profesor da Academia de Ciencias Sociais de Shanghai



OUTROS DOCUMENTOS DE INTERESE

Os seguintes documentos relativos á Alianza de Civilizacións e ao labor do Grupo de Alto Nivel, incluídos os discursos, declaracións e investigacións de base, poden consultarse no sitio web da Alianza de Civilizacións (www.unaoc.org).

1. Declaración do presidente do Goberno español, don José Luis Rodríguez Zapatero, ante a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na que propón unha Alianza de Civilizacións, en setembro de 2004.
2. Apartado 144 do Cumio da ONU (14 de setembro de 2005) sobre os obxectivos do milenio +5, no que se acolle con satisfacción a iniciativa da Alianza de Civilizacións.
3. Documento de formulación da Alianza de Civilizacións.
4. Discursos pronunciados polos copatrocinadores e o secretario xeral da ONU na primeira reunión do Grupo de Alto Nivel celebrada en Palma de Mallorca, España.
5. Reunións e audiencias mantidas polo Grupo de Alto Nivel.
6. Documento elaborado polos señores André Azoulay e Hubert Védrine sobre o conflito palestino-israelí.
7. Conferencias e reunións relacionadas coa Alianza de Civilizacións.
8. Lista de gobernos, organizacións e declaracións de apoio á Alianza de Civilizacións.
9. Documentos de referencia, declaracións internacionais e proxectos relacionados coa Alianza de Civilizacións.